MARÍA Z-1 Y Z-2 MANUEL Z-3A	GARDA ROTATIVA	ANDREA Z-1 Y Z-2 MARTA Z-3A PAZ P. Z-5	LOLI Z-4 CONCHY Z-5 PAULA R. Z-3A	CRISTINA Z-1 Y Z-2 ISABEL Z-4 MAYTE Z-5

COLOMA Z-5 PAULA I. Z- 4 ELENA D. Z-1, Z-2, Z- 3B Y Z-3C		CARMEN P. Z- 1, Z-2, Z-3B Y Z-3C ISMAEL Z-4	BELÉN Z- 1, Z-2, Z-3B Y Z-3C ANA Z-1 Y Z-2	CARMEN M. Z-3A MANUEL Z- 1, Z-2, Z-3B Y Z-3C
---	--	--	---	---

a. Para desenvolver ben esta actividade é moi importante a nosa ubicación no patio. Debemos evitar, ó máximo, xuntarnos en parellas, tríos, ou estar facendo todo aquilo que impida facer ben o noso labor de observación e prevención.

b. A prevención de accidentes, pelexas, e disputas, é un dos nosos obxectivos. Observar e actuar con rapidez.

c. Os nenos e nenas non deben entrar nos edificios, nin subir ás aulas como norma xenérica. As excepcións deben estar controladas polos responsables do recreo ou polos profesores que indiquen esta excepción.

d. Cando se produzan feridas, lesións, molladuras, debe actuar, en primeiro lugar, o responsable do recreo. Logo, se é necesario a atención ou o cambio de roupa, pasaremos ó neno/a ó interior do edificio correspondente onde tentamos deixalo ó cargo doutras persoas (equipo directivo, titor/a, mestres,).

e. Para ir ó baño no aulario hai que pedir permiso ó responsable desa zona. No edificio principal non é necesario, pero os que ocupan a zona 3 teñen que vixiar o bo uso dos baños.

f. Cando o patio ou parte do mesmo non teña as condicións axeitadas para xogar con pelota, os responsables de recreo velarán para que non se xogue nesas zonas.

g. Toda a zona limítrofe co muro do patio é unha zona que non está prohibida pero que será de especial vixianza, por ser algo perigosa e para impedir que a xente de fóra entre en contacto co alumnado.

h. O alumnado fará uso dalgunhas zonas de recreo de xeito rotatorio.

Cando chove:

Imos distribuir ó alumnado do seguinte xeito:

- Porche da esquerda para 1º A e B e vixiará unha profesor/a.
- Porche da dereita para 2º A e B e vixiará un profesor/a.
- Patio cuberto do aulario para 3º, vixiará un profesor/a.
- Pavillón para 4º, 5º e 6º e vixiarán dous profesores/as.
- O/A mestre/a que lle corresponda o recreo na biblioteca, unirase ao pavillón para axudar na vixilancia do mesmo.

Nestes días de choiva o alumnado que fai uso do pavillón no recreo (4º, 5º e 6º) merendarán nas aulas.

As normas especiais para esta situación son as de non deixar xogar coa pelota e debemos tentar que non saian destes recintos cubertos. Os responsables tentarán deixar o recinto tal como o encontraron no que atinxe á súa limpeza. Deberán vixiar especialmente o bo uso dos vestiarios. Por último, deben estar moi atentos ó reloxo para poder cumprir co

horario de entrada.

Programa “Martes con froita” Seguimos a fomentar a alimentación saudable a través do programa “Martes con froita”, pretendendo, desta maneira, que ese día da semana todo o alumnado traia como merenda para o recreo algunha peza de froita.

Solicitouse tamén a participación no FOGGA.

2.7. PROGRAMACIÓN E CALENDARIO DE REUNIÓN DOS ÓRGANOS DE GOBERNO E DOS ÓRGANOS DE COORDINACIÓN DOCENTE

O calendario de reunións dos órganos colexiados está incluído no apartado 2.4.

Atendendo ás directrices marcadas no Decreto 374/1996 do 17 de outubro, polo que se aproba o Regulamento das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria (DOG do 21 de outubro de 1996), en canto aos órganos de coordinación docente, os centros de 6 ou máis unidades deberán contar con:

Ademais destas, o noso centro conta cos seguintes equipos de coordinación docente:

Comisión de coordinación pedagóxica	Reunirase mensualmente, ademais dunha reunión extraordinaria ao comezo do curso e outra ao finalizar o mesmo, así como cantas outras se consideren necesarias.
Equipo de dinamización e normalización da lingua	Reunirase mensualmente, ademais dunha reunión a principio de curso e outra ao final do mesmo, así como cantas outras se consideren necesarias.
Equipo de actividades complementarias e extraescolares.	Reunirase mensualmente, ademais dunha reunión a principio de curso e outra ao final do mesmo, así como cantas outras se consideren necesarias.
Equipos docentes de ciclo	Reuniranse mensualmente: 1º-2º, 3º-4º e 5º-6º (ABALAR) cun coordinador por ciclo.
Equipo de dinamización da biblioteca.	Reunirase mensualmente.
Equipo de dinamización da convivencia.	Reunirase mensualmente.
Equipo de dinamización das TIC.	Reunirase mensualmente.
Departamento de orientación.	Reunirase mensualmente.

2.8. PARTICIPACIÓN DO PROFESORADO DO CENTRO EN PROGRAMAS DE INNOVACIÓN EDUCATIVA

O centro participa nos programas PROA+, CPINNOVA, CPINCLÚE, ABALAR, PLAMBE e conta con catro SECCIÓNS BILINGÜES, ademais disto o profesorado participa de maneira individual nos seguintes programas de formación e innovación:

PROFESOR/A	ACTIVIDADES DE FORMACIÓN E INNOVACIÓN
Coloma Campos Romero	FPP Polos Creativos Competencia dixital docente B2
Fátima Álvarez Villalain	FPP Polos Creativos
Cristina Pereira Ballesteros	Taller para a prevención das enfermidades da voz
M ^a Fernanda Lorenzo Vázquez	Taller para a prevención das enfermidades da voz
Marta Diéguez Lorenzo	FPP Polos Creativos Congreso de coordinadoras e coordinadores de bienestar e convivencia
Belén Corral Ferreiro	FPP Polos Creativos
Concepción Rodríguez Álvarez	FPP Polos Creativos Desenvolvemento de estratexias comunicativas e de coordinación para o centro.
Ismael Porto Barciela	FPP Polos Creativos
Angélica González Pousada	FPP Polos Creativos
Elena Vázquez Rodríguez	FPP Polos Creativos
Isabel Domínguez González	FPP Polos Creativos A convivencia positiva e prevención de conflitos
Paz Lago Gil	Aprender a pensar e a dialogar desde a infancia

2.9. LIBROS DE TEXTO E DEMAIS MATERIAIS CURRICULARES DO CENTRO

1º NIVEL DE EDUCACIÓN PRIMARIA			
ÁREA	EDITORIAL	TÍTULO	ISBN
LENGUA CASTELLANA	ED. ANAYA	OPERACIÓN MUNDO	978-84-143-1726-6
MATEMÁTICAS	ED. ANAYA	OPERACIÓN MUNDO	978-84-698-9351-7
LINGUA CIENCIAS SOCIAIS CIENCIAS DA NATUREZA	ED. ANAYA	OPERACIÓN MUNDO. IMOS CON TODO	978-84-143-1741-9 Globalizado 1º trim 978-84-698-9867-3 Globalizado 2º trim 978-84-698-9870-3 Globalizado 3º trim
INGLÉS	Oxford	AMAZING ROOFTOPS 1. CLASS BOOK	9780194167154
PLÁSTICA	ED. ANAYA	OPERACIÓN MUNDO	978-84-143-1611-5

2º NIVEL DE EDUCACIÓN PRIMARIA			
ÁREA	EDITORIAL	TÍTULO	ISBN
LENGUA CASTELLANA	ED. ANAYA	OPERACIÓN MUNDO	978-84-143-1728-0

MATEMÁTICAS	ED. ANAYA	OPERACIÓN MUNDO	978-84-698-9373-9
LINGUA CIENCIAS SOCIAIS CIENCIAS DA NATUREZA	ED. ANAYA	OPERACIÓN MUNDO. IMOS CON TODO	978-84-143-1742-6 Globalizado 1º trim 978-84-698-9877-2 Globalizado 2º trim 978-84-698-9880-2 Globalizado 3º trim
INGLÉS	Oxford	AMAZING ROOFTOPS 2. CLASS BOOK	9780194167413
PLÁSTICA	ED. ANAYA	OPERACIÓN MUNDO	978-84-143-1615-3

3º NIVEL DE EDUCACIÓN PRIMARIA

ÁREA	EDITORIAL	TÍTULO	ISBN
MATEMÁTICAS	VICENS VIVES	PZ	978-84-682- 8283-1
LENGUA CASTELLANA	SANTILLANA	CONSTRUYEN DO MUNDOS MOCHILA LIGERA	978-84-680- 7201-2
LINGUA GALEGA	SANTILLANA	CONSTRUÍDO MUNDOS	978-84-9185- 409-8

CIENCIAS DA NATUREZA	SANTILLANA	CONSTRUÍNDO MUNDOS	978-84-9185-410-4
CIENCIAS SOCIAIS	SANTILLANA	CONSTRUÍNDO MUNDOS	978-84-9185-416-6
INGLÉS	OXFORD	AMAZING ROOFTOPS 3.CLASS BOOK	978-01-9416-766-6

4º NIVEL DE EDUCACIÓN PRIMARIA			
ÁREA	EDITORIAL	TÍTULO	ISBN
CIENCIAS DA NATUREZA	OBRADOIRO	CONSTRUÍNDO MUNDOS	978-84-9185-692-4
CIENCIAS SOCIAIS	OBRADOIRO	CONSTRUÍNDO MUNDOS	978-84-9185-698-6
LENGUA CASTELLANA	SANTILLANA	CONSTRUYENDO MUNDOS	978-84-144-0738-7
LINGUA GALEGA	OBRADOIRO	CONSTRUÍNDO MUNDOS	978-84-9185-705-1
MATEMÁTICAS	VICENS VIVES	PZ	978-84-682-9185-7
INGLÉS	OXFORD	Amazing Rooftops 4 Class Book	9780194167949

5º NIVEL DE EDUCACIÓN PRIMARIA

ÁREA	EDITORIAL	TÍTULO	ISBN
MATEMÁTICAS	ANAYA	OPERACIÓN MUNDO	978-84-143-0238-5
LENGUA CASTELLANA	ANAYA	OPERACIÓN MUNDO	978-84-143-0192-0
LINGUA GALEGA	SANTILLANA	CONSTRUÍENDO MUNDOS	978-84-9185-412-8
CIENCIAS SOCIAIS	SANTILLANA	CONSTRUÍENDO MUNDOS	978-84-9185-415-9
CIENCIAS DA NATUREZA	ANAYA	OPERACIÓN MUNDO	978-84-143-0308-5
INGLÉS	OXFORD	AMAZING ROOFTOPS 5. CLASS BOOK	9780194168182

6º NIVEL DE EDUCACIÓN PRIMARIA

ÁREA	EDITORIAL	TÍTULO	ISBN
CIENCIAS DA NATUREZA	ANAYA	OPERACIÓN MUNDO	978-84-143-2348-9

CIENCIAS SOCIAIS	SANTILLANA	CONSTRUÍNDO MUNDOS	978-84-9185-693-1
LENGUA CASTELLANA	ANAYA	OPERACIÓN MUNDO	978-84-143-2183-6
LINGUA GALEGA	SANTILLANA	CONSTRUÍNDO MUNDOS	978-84-9185-727-3
MATEMÁTICAS	ANAYA	OPERACIÓN MUNDO	978-84-143-2234-5
INGLÉS	OXFORD	AMAZING ROOFTOPS 6. CLASS BOOK	9780194168458
VALORES CÍVICOS E ÉTICOS	SANTILLANA	VALORES CÍVICOS E ÉTICOS 2023	978-84-9185-534-7

2.10. PLAN DE AUTOPROTECCIÓN

O plan de autoprotección segue vixente. Aprobado en setembro de 2012 coas posteriores modificacións. Enviouse a Protección Civil, ao concello de Vigo e á Xefatura Territorial. Sobre as cuestións que tiñamos que mellorar e conseguir, marcando como obxectivo para este curso a actualización do Plan, dalo a coñecer e levar a cabo un simulacro de evacuación.

2.11. PLAN DE ORGANIZACIÓN E COORDINACIÓN DAS TAREFAS DO PERSOAL NON DOCENTE

O persoal non docente que presta servizo no centro é:

- Porteiro vixiantes (dependente do Concello de Vigo). As obrigas deste persoal están recollidas nun documento elaborado polo Concello que, delega a asignación de tarefas nos órganos de goberno do Centro.
- Administrativa (dependente da Xunta de Galicia). Realiza tarefas administrativas baixo supervisión da Secretaria.
- Coidadoras do alumnado en horario lectivo mais servizo de comedor.
- Monitoras do comedor (servizo xestionado pola Consellería, e proporcionado pola empresa contratada MEDITERRANEA SL). Realizan as tarefas de coidado e vixilancia dos alumnos que fan uso deste servizo.

- Limpadoras (servizo dependente do Concello de Vigo e proporcionado pola empresa adxudicataria ONET S.L.).

2.12. HORARIO DE ATENCIÓN AO PÚBLICO

Incluído no apartado 2.6.

2.13. PLAN DE ORGANIZACIÓN E POTENCIACIÓN DAS RELACIÓNS COA COMUNIDADE EDUCATIVA

Accións para mellorar a coordinación e a relación coas familias

- Reunións periódicas do equipo directivo coa directiva da ANPA “Moraima”. Unha o inicio de curso, outra ao final, unha cada trimestre e as que sexan necesarias.
- Invitación aos pais e nais ao acto de presentación do inicio de curso.
- Invitación a participación ou como espectadores ás diferentes conmemoracións e festividades: o magosto, o festival de Nadal, o Entroido, xornadas culturais, graduación de 6º...
- Axuda, colaboración e participación por parte do centro nas actividades organizadas pola ANPA: actividades extraescolares, festival fin de curso, ...
- O centro solicitará a participación das familias para diferentes actividades programadas: actuacións musicais, actividades científicas, actividades relacionadas co horto escolar, semana das letras galegas, almozos saudables, organización do Entroido...
- Accións que permitan a integración temperán das familias dos alumnos e alumnas da EEI Cristo da Victoria (centro adscrito ao noso):
 - Posibilidade de participar nas actividades da nosa ANPA: tempo de lecer, a tardiña na escola e outras actividades se así se estima.
 - Intercambio de actividades educativas e complementarias: Samaín na biblio, lecturas na Bouza, Entroido, “Portas abertas”, festas, ...
- Accións que permitan ás nosas familias integrarse o antes posible no instituto ao que está adscrito o noso centro (IES Alvaro Cunqueiro): Actividades conxuntas, visitas ao IES.

As relacións da familia cos titores, co resto do profesorado e co equipo directivo

- Reunións dos titores coas familias no mes de setembro. Son reunións por ciclo e niveis.
- Reunión, previa cita, co titor ou titora dos alumnos os martes de 18.00 a 19.00 horas.
- Reunión, previa cita, co resto do profesorado os martes de 18.00 a 19.00 horas.
- Entrevistas e reunións cos membros do equipo directivo, co departamento de orientación os martes de 18.00 a 19.00 horas e, pola mañá, cando o horario permita. Sempre, a ser posible, con cita previa.

Información e comunicación coas familias

- A través da páxina web.
- Por medio do AbalarMóbil.
- A través do correo electrónico.

- Por medio de circulares informativas publicadas na web do colexio.
- A través das axendas do alumno ou alumna.
- Telefónicamente.
- A través do correo electrónico, sobre todo coa ANPA.

2.14. PLAN DO TRANSPORTE ESCOLAR

- O centro dispón dunha liña de transporte escolar. O servizo é realizado pola empresa Rías Baixas.
- Dende o mes de xaneiro de 2017 a empresa realiza unha dobraxe, co fin de dar cobertura á demanda das familias do centro e da EEI do Cristo da Victoria. Dende o 30 de outubro de 2017 entrou en vixencia una nova distribución de usuarios por viaxes. NON SE PODE CAMBIAR DE PARADA E DE VIAXE SEN SOLICITALO Á DIRECCIÓN DO CENTRO.
- No caso de xurdir máis solicitudes neste centro, prevalecen sobre as da EEI Cristo da Victoria.

As paradas de transporte actualizadas coa dobraxe son as seguintes:

1º VIAXE DE IDA: 35 USUARIOS.

PARADA	HORA	NOME PARADAS	USUARIOS QUE PODEN SUBIR EN CADA PARADA
1	8.00	RÚA CAMELIAS, 80	Alumnado de todos os cursos de colexio e da EEI Cristo da Victoria.
2	8.06	PRAZA DE AMÉRICA (CENTRO COMERCIAL CAMELIAS)	
3	8.09	FRAGOSO, 82-86	
4	8.11	AVDA. FLORIDA, 60	
5	8.12	AVDA. FLORIDA, 86 (Supermercado Gadis)	
6	8.14	RÚA CARAMUXO , FRENTE Nº 9	
7	8.16	RÚA TEIXUGUEIRAS, 22	Alumnado do colexio de todos os cursos, agás os de 1º e 2ºos que teñen irmáns no Cristo e os que teñen irmáns en 1º e 2º
8	8.20	RÚA TEIXUGUEIRAS, 28	Alumnado do colexio de todos os cursos, agás os de 1º e 2º e os que teñen irmáns no Cristo e os que teñen irmáns en 1ºe 2º
9	8.30	SAN PAIO DE NAVIA (ALAMEDA)	Alumnado de todos os cursos de colexio e da EEI Cristo da Victoria.
10	8.31	RÚA SAN PAIO DE NAVIA, 111	
11	8,36	AVDA. ATLÁNTIDA, 109	
12	8.37	AVDA. ATLÁNTIDA (FRENTE Nº 92)	
13	8,40	AVDA. ATLÁNTIDA, 25	
14	8.45	CEP CELSO EMILIO FERREIRO	

Nº PARADA	HORA	NOME PARADAS	Nº ALUMNADO
1	14.05	CEP CELSO EMILIO FERREIRO	
2	14.10	AVDA. ATLÁNTIDA, 32	
3	14.12	AVDA. ATLÁNTIDA, 82	
4	14.14	AVDA. ATLÁNTIDA, 132	
5	14.22	RÚA SAN PAIO DE NAVIA, 102	
6	14.23	SAN PAIO DE NAVIA (ALAMEDA)	
7	14.25	RÚA TEIXUGUEIRAS, 22	
8	14.27	RÚA TEIXUGUEIRAS, 19	
9	14.31	RÚA CARAMUXO (ARQUIVO SEGURIDADE SOCIAL)	
10	14.34	PABLO IGLESIAS, 1	
11	14.36	ESTADIO BALAIIDOS – PARADA VITRASA	
12	14,39	AVDA. FLORIDA, 69	
13	14.41	AVDA. FLORIDA,3 (PLAZA AMÉRICA)	
14	14.44	AVDA. CAMELIAS (PRAZA OITO DE MARZO)	
TOTAL	0h 39 min		

VIAXE DE IDA 14 (DOBRAXE)

NOME PARADAS	USUARIOS QUE PODEN SUBIR EN CADA PARADA
RÚA TEIXUGUEIRAS, 22	Alumnado de 1º e 2º Alumnado de cursos superiores con irmáns 1º, 2º e con irmáns en infantil. Alumnado do Cristo da Victoria.
RÚA TEIXUGUEIRAS, 28	Alumnado de 1º e 2º Alumnado de cursos superiores con irmáns 1º, 2º e con irmáns en infantil. Alumnado do Cristo da Victoria.
CEP CELSO EMILIO FERREIRO	

VOLTA 32 usuarios

Nº DE ALUMNADO TRANSPORTADO DO CENTRO: 53

2.15. REGULAMENTO DA ORGANIZACIÓN DO COMEDOR

O comedor escolar é un servizo complementario de carácter educativo que, ademais de servir á Administración educativa como factor importante para a escolarización, desenvolve unha destacada tarefa social, conciliadora da vida educativa e familiar coa laboral. Ademais trata de minimizar a incidencia que os factores económicos, sociais ou de calquera outra índole teñen no dereito á educación constitucionalmente recoñecido.

O comedor escolar, ademais de cumprir unha función básica de alimentación e nutrición, está integrado na vida e organización do noso centro educativo desde as súas orixes, de tal maneira que a súa programación, desenvolvemento e avaliación forma parte da programación xeral anual do centro.

A finais do curso 15-16 o servizo de comedor do Centro deixa de estar xestionado pola ANPA por voluntariedade propia.

No curso 2016-17, asume a Consellería de Educación a súa xestión, axustándose á modalidade b) de xestión indirecta das contempladas no artigo 2.1 DECRETO 132/2013, do 1 de agosto. Isto é, mediante a contratación con empresarios individuais ou empresas de restauración da elaboración, nas dependencias do centro ou nas da empresa, dos menús, o seu transporte, se é o caso, así como o servizo ás mesas, a atención dos alumnos comensais e a limpeza do comedor e da cociña.

No curso 2023-24 foi adxudicada a contratación á empresa Mediterránea SL.

Para este curso escolar 23-24 ofértanse 130 prazas (nas que se inclúe dúas para as coidadoras mais unha para a mestra responsable).

Para a atención e vixilancia dos comensais, son subrogadas 6 monitoras. Tamén estará presente durante a duración do servizo varios mestres:

TRIMESTRE	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
1º TRIMESTRE	COLOMA	ISMAEL	ANGÉLICA	ELENA V.	ANGÉLICA
2º TRIMESTRE	PTE	PTE	PTE	PTE	PTE
3º TRIMESTRE	PTE	PTE	PTE	PTE	PTE

Existen dúas modalidades de uso do servizo:

- a) Fixa: Cando se solicite o servizo de comedor para todo os días lectivos.
- b) Fixa descontinua: Cando se solicite para todo o curso lectivo, pero só para

determinados días fixos da semana. Esta modalidade só será posible cando se soliciten entre dous e catro días fixos á semana.

Os usuarios poderán estar nalgunha das seguintes situacións:

- Gratuidade total.
 - Pagamento diario por menú de 1€
 - Pagamento diario por menú de 2,5€
 - Pagamento diario por menú de 4,5€
- No caso de pagamento, será directamente MEDITERRANEA S.A quen cargue as domiciliacións mensualmente ás familias dos comensais.

- **O comedor** funcionará en horario de 14.00 a 16.00 horas. Inclúe os servizos de xantare de atención aos usuarios no período de lecer posterior ao mesmo.
- **Horario de recollida dos comensais:**
 - Rematada a primeira quenda poderán saír os comensais autorizados no impreso de solicitude, sen a presenza dos pais ou persoa na que deleguen.
 - Ás 15.15
 - Dende as 15.45 ata as 16.00 hora na que remata o servizo. A recollida despois do servizo efectuarase exclusivamente na entrada do recinto escolar, Rúa Porriño (na beirarrúa situada ao lado do portalón).
- O tempo de lecer despois do xantar estará controlado polas coidadoras, establecendous espazos determinados para os diferentes grupos..
- As condicións especiais dos comensais especificaranse expresamente nas solicitudes de praza. No caso de dietas deberá presentarse certificado médico actualizado no que se especifique o tipo de dieta necesaria (celíaca, lactosa,...). No caso de dietas complicadas os pais poderán pórse en contacto directamente coa persoa responsable do comedor para informarse ou pedir unha rectificación do menú.
- En caso de enfermidade sobrevinda (gastroenterite...) non fará falla certificado médico e se solicitará a dieta branda.

O Consello Escolar é o órgano competente en materia da organización, supervisión e control deste servizo, así como aprobar e facer efectivo o **REGULAMENTO DO FUNCIONAMENTO DO COMEDOR**. Este regulamento foi actualizado e aprobado polo consello escolar en sesión ordinaria do 30 de xuño de 2017.

2.16. PLAN DE UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS DOCENTRO

Ademais da utilización das instalacións do centro para a actividade educativa propio do centro e das actividades propostas pola ANPA (tempo de lecer da aula matinal), temos acordado o seguinte para o resto:

Actividades extraescolares:

- Realizaríanse entre as 16.00 h. e as 18.00 h. no pavillón si son

actividades deportivas, agás danza, cociña, inglés e judo que son desenvolvidas nas aulas de actividades extraescolares do edificio que chamamos “aulario”.

- Cando nos solicitan aulas para algunha actividade extraescolar doutro centro, próximo ao noso (Cristo da Victoria, CEIP do Rocío), facemos unha solicitude a Xefatura Territorial sempre que o centro teña a dispoñibilidade esixida pola actividade que se propón, previa petición ao consello escolar.
- Asociacións e agrupacións deportivas: Baloncesto Seis do Nadal, Fútbol Sala Vigo 2015 e Clube de Patinaxe El Olivo. Infórmase ao Consello Escolar e solicítase permiso a X.T. a través da Inspección Educativa. Asíñase, tamén, un documento de cesión co centro onde os clubs deportivos fanse responsables das instalacións. O horario desta cesión vai dende as 18.00 horas ata as 23.00 h.
- Os sábados e os domingos, de ser o caso, poderíanse realizar partidos de competición e outras actividades que propoñen os clubs. Estas actividades estarían contempladas no documento de cesión asinado.

HORARIO DE OCUPACIÓN DAS INSTALACIÓNS CLUBS DEPORTIVOS

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
18.00-19.00 H	BALONCESTO	FÚTBOL SALA	PATINAXE	PATINAXE	BALONCESTO
19.00-20.00 H	BALONCESTO	PATINAXE	BALONMÁN	BALONCESTO	BALONCESTO
20.00-21.00 H	BALONCESTO	PATINAXE	BALONMÁN	BALONCESTO	PATINAXE
21.00-22.00 H	BALONCESTO	PATINAXE	BALONCESTO	BALONCESTO	PATINAXE
22.00-23.00 H	FÚTBOL SALA	PATINAXE	BALONCESTO	BALONCESTO	PATINAXE

ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES ANPA MORAIMA

HORA COMENZO	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
8.00 H	MATINAL	MATINAL	MATINAL	MATINAL	MATINAL
16.00 H	- E. BALONCESTO - ROBÓTICA	- E. BALONCESTO - JUDO (1º,2º,3º)	- PATINAXE	- FUN ENGLISH - FÚTBOL SALA	
17.00 H	- ESCOLA DE TENIS		-PATINAXE	- FÚTBOL SALA	

NATACIÓN:

- MQA Navia
- Piscina municipal: Lavadores
- Piscina municipal : Pavillón do Carmen

2.17. PLAN XERAL DE AVALIACIÓN DO CENTRO

2.17.1 AVALIACIÓN DO ALUMNADO

En tódolos niveis haberá tres avaliacións, unha ó remate de cada trimestre. As datassinalladas para as sesións de avaliación son as seguintes:

Avaliación inicial: 3, 9 e 10 de outubro	
1ª avaliación: 12,18 e 19 de decembro	Publicación de boletíns: 21 de decembro
2ª avaliación: 12, 18 e 19 de marzo	Publicación de boletíns: 22 de marzo
3ª avaliación: 24, 25 de xuño	Publicación de boletíns: 27 de xuño

Nas sesións de avaliación dos diferentes niveis reuniranse tódolos mestres que impartan áreas no nivel e o departamento de orientación, coordinados polo respectivo titor. Este levantará acta da sesión.

A avaliación levarase a cabo tendo en conta os criterios de avaliación e os criterios propostos nas programacións.

Principios xerais e criterios de promoción:

1. A avaliación da aprendizaxe do alumnado levarase a cabo tomando como referentes para a valoración do grao de adquisición das competencias e do logro dos obxectivos da etapa os criterios de avaliación e, de ser o caso, os estándares de aprendizaxe que se recollen no Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

2. A avaliación dos procesos de aprendizaxe do alumnado será continua e global, e terán conta o seu progreso no conxunto dos procesos de aprendizaxe.

3. Estableceranse as medidas máis axeitadas para que as condicións de realización das avaliacións, se adapten ás necesidades do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

4. No contexto do proceso de avaliación continua, cando o progreso dun alumno ou dunha alumna non sexa o axeitado estableceranse medidas de reforzo educativo. Estas medidas adoptaranse en calquera momento do curso, tan pronto como se detecten as dificultades, e estarán dirixidas a garantir a adquisición das competencias imprescindibles para continuar o proceso educativo.

5. Os mestres e as mestras avaliarán tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos de ensinanza e a súa propia práctica docente, para o que establecerán indicadores de logro nas programacións docentes.

6. Co fin de garantir o dereito do alumnado a unha avaliación obxectiva e a que a súa dedicación, o seu esforzo e o seu rendemento sexan valorados e recoñecidos con obxectividade, estarase ao disposto na Orde do 2 de marzo do 2021.

7. Ao finalizar os cursos segundo e cuarto da etapa o profesorado titor emitirá un informe sobre o grao de adquisición das competencias de cada alumna ou alumno, indicando, de ser o caso, as medidas de reforzo que se deben prever no ciclo seguinte.

8. Co fin de garantir a continuidade do proceso de formación do alumnado, cada alumna ou alumno disporá ao finalizar a etapa dun informe elaborado pola súa titora ou polo seu titor sobre a súa evolución e o grao de adquisición das competencias desenvolvidas. No caso do alumnado con necesidades educativas especiais, o informe deberá reflectir as adaptacións e medidas adoptadas e a súa necesidade de continuidade na seguinte etapa escolar.

▪ **Criterios de avaliación:**

- A valoración positiva do rendemento educativo nunha sesión de avaliación implica que o alumno progresou satisfactoriamente no seu proceso de aprendizaxe, alcanzou o desenvolvemento adecuado das competencias básicas así como un axeitado grao de madurez, consonte a súa idade, superando todas as dificultades mostradas anteriormente.
- Os referentes de avaliación no caso do alumnado con adaptación curricular serán os incluídos na devandita adaptación, sen que isto poida impedirle a promoción ao curso ou á etapa seguinte.
- No contexto deste proceso de avaliación continua, cando o progreso dunha alumna ou dun alumno non sexa o axeitado estableceranse medidas de reforzo educativo. Estas medidas adoptaranse en calquera momento do curso, tan pronto como se detecten as dificultades, con especial seguimento da situación do alumnado con necesidades educativas especiais, e estarán dirixidas a garantir a adquisición das aprendizaxes imprescindibles para continuar o proceso educativo.

1. Ao finalizar os cursos segundo, cuarto e sexto da etapa, e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente do grupo, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a promoción do alumnado. A decisión será adoptada de xeito colexiado, tendo en conta os criterios de promoción e tomando especialmente en consideración a información e o criterio do profesorado titor. A promoción no resto de cursos da etapa será automática.

2. O alumnado que acade a promoción de curso con algunha área con cualificación negativa recibirá os apoios necesarios para recuperar as aprendizaxes que non alcanzara o curso anterior.

3. O alumnado que non acade a promoción permanecerá un ano máis no mesmo curso. A permanencia no mesmo curso considérase unha medida de carácter excepcional e tomarase se, tras aplicar as medidas ordinarias suficientes, adecuadas e personalizadas o equipo docente considera que a permanencia un ano máis no

mesmo curso é a medida máis adecuada para favorecer o seu desenvolvemento. Nese caso, o equipo docente organizará un plan específico de reforzo para que, durante ese curso a alumna ou o alumnopoida alcanzar o grao de adquisición das competencias correspondentes. Esta decisión sopoderá adoptarse unha vez durante a etapa, e terá, en todo caso, carácter excepcional.

4. Ao finalizar os cursos 2º, 4º e 6º no proceso de avaliación o equipo docente tomará as decisións de promoción tendo en conta os seguintes criterios de promoción:

- O alumnado promocionará:
 - Cando alcance o desenvolvemento adecuado das competencias básicas así como o logro dos obxectivos correspondentes, é dicir, cando é avaliado positivamente en todas as áreas de aprendizaxe.
 - Se xa foi adoptada a medida ordinaria de permanencia dun ano máis no curso.

- O alumnado non promocionará:
 - Se non acada avaliación positiva en dúas, ou máis, das seguintes materias: Matemáticas, Lingua Castelá, Lingua Galega.
 - Se non acada avaliación positiva en tres ou máis materias sendo unha delas instrumental.

O alumnado con ACS segue o mesmo criterio de promoción

2.17.2.-AVALIACIÓN DO CENTRO

CONCEPCIÓN DA AVALIACIÓN	<ul style="list-style-type: none"> • SERÁ UN PROCESO SISTEMÁTICO E INTEGRADO NA VIDA DO CENTRO • SERÁ UN PROCESO CONTINUO • SERVIRÁ PARA DETECTAR PROBLEMAS E DIFICULTADES. A FINALIDADE DESTA AVALIACIÓN SERÁ TOMAR AS DECISIÓNS OPORTUNAS COA SUFICIENTE AXILIDADE, E ASÍ REORIENTAR O PLAN DE TRABALLO
QUE AVALIAMOS?	<ul style="list-style-type: none"> • OS PROXECTOS DO CENTRO: <ul style="list-style-type: none"> SE A ANÁLISE DA SITUACIÓN INICIAL É A ACERTADA. SE OS OBXECTIVOS FIXADOS SON REALISTAS E OPORTUNOS. SE O SEGUIMIENTO AVALIATIVO É O DESEXABLE. • A POSTA EN PRÁCTICA: <ul style="list-style-type: none"> - O PLAN DE ACTUACIÓN DESEÑADO É EFICAZ. - OUTRAS ACTUACIÓNS NON INCLUÍDAS INICIALMENTE. - ÁS PERSOAS QUE DESENVOLVEN A PLANIFICACIÓN. - OS RECURSOS DISPOÑIBLES. - AS RELACIÓNS COAS INSTITUCIÓNS DO CONTORNO. - O GRADO DE CONSECUNCIÓN DOS OBXECTIVOS.

QUEN AVALÍA?	<ul style="list-style-type: none"> • OS RESPONSABLES • OS DINAMIZADORES • O EQUIPO DIRECTIVO • O CLAUSTRO • O CONSELLO ESCOLAR.
COMO AVALIAMOS?	<ul style="list-style-type: none"> • O EQUIPO DIRECTIVO ELABORARÁ INFORMES ESPECÍFICOS DE AVALIACIÓN DO SEU TRABALLO, POÑENDO DE MANIFESTO OS LOGROS E AS DIFICULTADES.
	<ul style="list-style-type: none"> • CONFECCIONARARANSE INSTRUMENTOS ESPECÍFICOS PARA RECOLLER INFORMACIÓN. PERIODICAMENTE DONDE SE PODERÁN “APUNTAR” PROBLEMAS, DIFICULTADES. • AVALIACIÓN DE CADA ACTIVIDADE REALIZADA
CANDO AVALIAMOS?	<ul style="list-style-type: none"> • INICIALMENTE: TRÁTASE DE COÑECER O PUNTO DE PARTIDA • NO MOMENTO DA POSTA EN PRÁCTICA DOS PLANS DE ACTUACIÓN. • EN SESIÓNS ESPECIFICAMENTE DESEÑADAS PARA ELO. • EN SESIÓNS EXTRAORDINARIAS ESPECÍFICAS: ANUALMENTE . Ó FINAL DO CURSO.
QUE FACEMOS COAS CONCLUSIÓN?	<ul style="list-style-type: none"> • SERVEN DE BASE PARA FACER UNHA PLANIFICACIÓN AXUSTADA ÁS NECESIDADES DA REALIDADE EXISTENTE. • PERMÍTENOS REAXUSTAR A PLANIFICACIÓN DO CENTRO • DETERMINAN OBXECTIVAMENTE, CUALITATIVAMENTE E CUANTITATIVAMENTE OS PROGRESOS E LOGROS. • QUEDAN RECOLLIDAS NA MEMORIA FINAL. • SERVEN DE BASE PARA ELABORAR A PXA, PROGRAMACIÓNS DO CURSO SEGUINTE.

3.- Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

3.1 PROGRAMAS OU PLANS ANUAIS DE LECTURA

Para un acertado desenvolvemento do Proxecto Lector de Centro, deberá elaborarse un Plan Anual de Lectura (PAL) que recollerá, entre outros aspectos, unhas liñas prioritarias de actuación ou programa específico para a biblioteca (tendo en conta as instrucións de comezo de curso, da dirección xeral de ordenación e innovación educativa en relación

coa organización e o funcionamento das bibliotecas escolares, durante o curso2023/24)..

Equipo de biblioteca

Responsable: Angélica González Pousada

Membros: M^a Carmen Méndez Martínez, Paula Rodríguez Pérez (substitúe Fátima Álvarez Villalain), Coloma Campos Romero e Ana Isabel de Araújo Parada.

Horario escolar e extraescolar:

Cada titoría ten reservada unha hora en horario lectivo e toda as tardes de luns a venres (excepto os martes) de 16 a 18 h, está atendida por todos os profesores de garda puidendo facer devolución e empréstimo de exemplares.

Todos os recreos permanece aberta de 11.35 a 11.55 h. con coidado so para os servizos da biblioteca (excepto devolución e empréstimo).

O equipo de biblioteca ten unha hora en horario lectivo e a responsable catro horas.

Obxectivos xerais

- Proseguir co proxecto PLAMBE.
- Consolidar o equipo de biblioteca con representantes dos diferentes niveis.
- Fomentar o hábito e o gusto pola lectura.
- Contribuir a mellorar a práctica da lectoescritura e as habilidades informativas.
- Aumentar a competencia lingüística do alumnado desenvolvendo o Plan Anual Lector Proxecto Lector do Centro.
- Promover a programación anual de actividades de xeito trimestral como indica PL do centro e no PAL.
- Implicar a toda a comunidade educativa na importancia da Biblioteca para o procesode aprendizaxe e a adquisición de competencias clave.
- Espertar sensibilidades, emocións e actitudes positivas cara aos diferentes tipos deliteratura e formatos.
- Fomentar o uso das novas tecnoloxías como recurso para o reforzo e ampliación doscontidos traballados nas distintas áreas curriculares.
- Promocionar o uso da Biblioteca como espazo de aprendizaxe e como recurso paraocupar o tempo de lecer.

Actuacións en relación coa organización e xestión

- Continuar a organización de todos os exemplares da biblioteca, retirando os que nonse empregan (enciclopedias, coleccións,...) e facer expurgo para obter máis espazo.
- Actualización dos novos lectores da biblioteca.
- Participar e colaborar todo o equipo docente no empréstimo e devolución dosexemplares, así coma manter a orde nos andéis dos libros adquiridos polo alumnado.
- Manter actualizada a Biblioteca cun novo plan de adquisición de fondo nos distintosformatos.
- Crear situacións en que os lectores/as se atopen con contidos culturais en diferentessportes e formatos.
- Reforzar a función da biblioteca no referente á selección de recursos impresos edixitais.

- Achegar a biblioteca ás familias coa promoción de actividades conxuntas de animación a lectura.
- Continuar o programa de mochilas viaxeiras.
- Estimular a experiencia lectora e divulgala a través do noso blogue.

Actuacións en relación coa dinamización e fomento da lectura.

- Servir de eixo e nexo de actividades entre a biblioteca e o proxecto de investigación anual do centro, PDI, este curso adicado ás Olimpíadas.
- Programar as actividades trimestrais e celebracións para a animación á lectura e á escritura.
- Fomentar a lectura: con encontros de autores e ilustradores, sesións de contacontos, talleres e concursos de escritura creativa, exposicións, creación eventual de postos temáticos onde descubrir títulos descoñecidos e interesantes sobre diferentes temas ou xéneros (medo, poesía, teatro...), utilización de certames e concursos que fomenten o interese dos alumnos pola lectura e o coñecemento.
- Continuar coa biblioteca de aula facilitando o cambio de libros trimestralmente e achegando todas as novidades que se van adquirindo.
- Reforzar o programa Hora de ler “proxecto lector”, co préstamo de exemplares.
- Coordinarse cos equipos de dinamización da lingua galega, TIC, e convivencia para a realización de actividades e conmemoracións, ao longo do curso, co obxectivo de evitar duplicidades ou interferencias e para facilitar a colaboración entre os distintos equipos.

Actuacións en relación a formación de usuarios e educación para o competenciadixital.

- Planificar unha nova formación de usuarios, implicando ao alumnado (que graven titoriais e fagan a cartelería para difundir...)
- Continuar coa sinalización da biblioteca: carteis visibles e claros nas súas indicacións, tanto pola ubicación como pola redacción, para facilitar a busca de información selectiva con recursos tecnolóxicos.
- Desenvolver a Educación Documental e a Formación de usuarios, dunha forma sistematizada e coordinada entre ciclos e etapas.
- Familiarizar a alumnos e profesores co OPAC de MEIGA, para búsqueda de libros, opinión, e todas as enormes posibilidades que ofrece.
- Formar ós axudantes de biblioteca para guiar a os seus compañeiros/as na busca de información e contrubuir á axeitada organización dos exemplares.
- Reforzar a formación do profesorado.

Actuacións en relación co fomento da lectura e desenvolvemento do Proxecto Lector de centro

- Reforzar estratexias destinadas a fomentar o hábito lector, contemplando todo tipo de soportes.
- Incentivar proxectos documentais integrados para mellorar as habilidades no uso da información e favorecer a adquisición de competencias claves.
- Espertar sensibilidades, emocións e actitudes positivas cara a lectura e a escritura.

- Promocionar a nosa biblioteca no contorno e contactar con outras bibliotecas escolares próximas e outras de referencia da cidade.

Criterios e procedementos de avaliación

- Constatar a utilización dos servizos da biblioteca por parte tanto do profesorado como do alumnado.
- Realización de enquisas entre o profesorado e o alumnado de 5º e 6º nivel para avaliar o grao utilización dos recursos da biblioteca e a valoración da mesma.
- Valorar o PLC e o PAL en sesións do equipo de biblioteca, Claustro e do Consello Escolar.
- Rexistro anual dos instrumentos utilizados, rexistro de lectores e usuarios dos recursos TIC e contabilidade de préstamos MEIGA

Temporalización de actividades

	ACTIVIDADES	TEMPORIZACIÓN	RESPONSABLES	AVALIACIÓN
1º trimestre	Elaboración PAL, Plan Anual de Lectura e protocolo Covid	Mes de setembro-outubro	E. D. Biblioteca	Anual
	Celebración do día internacional das Bibliotecas Escolares	4º luns de outubro	E. D. Biblioteca	Anual
	Mochilas viaxeiras	3º semana de outubro	E. D. Biblioteca	Anual
	Celebración do Samaín:	Semana 30 de outubro	E. D. Biblioteca	Anual
	Semana da literatura de tradición oral: contos, cantos, lendas....	Semana 4-10 de novembro	E. D. Biblioteca	Anual
	DI das persoas con discapacidade	3 de decembro	E. D. Biblioteca	Anual
	Nadal: propostas lectoras (contando coa colaboración dos titores/as)	Mes de decembro	E.D. Biblioteca	Anual
2º trimestre	Nacemento de Celso Emilio Ferreiro	6 de xaneiro	E. D. Biblioteca	Anual
	Día da Paz	30 de xaneiro	E. D. Biblioteca	Anual
	Entroido	21-25 de febreiro	E.D. Biblioteca	Anual

	Día da muller	8 de marzo	E. D. Biblioteca	Anual
	Actividades de contacontos	2º trimestre	E. D. Biblioteca	Anual
	Día do autismo	2 de abril	E. D. Biblioteca	Anual
3º trimestre	Semana da prensa	1ª semana abril	E. D. Biblioteca	Anual
	Igualdade de trato. Diversidade afectivo sexual.	14 de abril	E. D. Biblioteca	Anual
	Celebración día do libro	23 de abril	E. D. Biblioteca	Anual
	Día das Letras Galegas	17 de maio	E. D. Biblioteca	Anual
	Visita de autores	Por determinar	E. D. Biblioteca	Anual
	Avaliación e elaboración da memoria. Propostas de lectura para as vacacións.	Mes de xuño	E. D. Biblioteca	Anual

Programación de saídas en relación coa dinamización e fomento da lectura.

- Co obxectivo de servir de eixo e nexos de actividades entre a biblioteca e o proxecto de investigación anual do centro, e outros das aulas, o equipo de biblioteca, programará actividades trimestrais e celebracións para a animación á lectura e á escritura.
- Fomentará a lectura con encontros de autores e ilustradores e sesións de contacontos durante o segundo e terceiro trimestre.
- Estimulará a figura de contacontos entre as familias, axudando a seleccionar lecturas desde a biblioteca protagonizadas por pais ou nais do centro aos distintos niveis.
- Programará saídas para espertar actitudes positivas cara a lectura e escritura.
 - Sesións de lecturas compartidas con centros educativos da nosa zona no Parque da "Bouza":
 - a. EEI Cristo da Victoria
 - b. CEIP Seis do Nadal
 Sesións finais de roteiros lectores
 - a. Praia de Bouzas, para alumnos de 3º nivel
 - b. Outros roteiros e saídas dentro do concello.
- Promocionaremos a nosa biblioteca no contorno e intentaremos contactar con outras bibliotecas escolares próximas e outras de referencia da cidade. Estas

serán algunhas das saídas a bibliotecas programadas para fomentar a lectura:

- a. Biblioteca Central de Vigo.
- b. Biblioteca Neira Vilas de Vigo.
- c. Biblioteca IES Álvaro Cunqueiro.

3.2 PLAN DE INTEGRACIÓN DAS TIC

Continuamos coa implementación do plan dixital elaborado e aprobado no curso 2021-2022 despois de realizar a súa revisión e adaptación de acordo coas propostas de mellora realizadas no curso pasado.

Todo o profesorado, segundo a lexislación vixente, deberá integrar na súa programación os obxectivos, contidos e actividades propostos neste plan de integración, coas variantes que considere necesarias para adaptar as liñas estratéxicas do mesmo ás destrezas previamente adquiridas e ás necesidades do alumnado desenvolvendo e mellorando a súa competencia dixital.

O coordinador, preferentemente, e demais integrantes do equipo de dinamización TIC prestarán apoio e asesoramento, dentro da súa dispoñibilidade horaria ao profesorado dos distintos niveis e especialidades para manter o equipamento TIC en óptimas condicións e solucionar as dúbidas que poidan xurdir respecto do emprego do mesmo, así como sobre aspectos técnicos. Será fundamental e imprescindible a formación piramidal entre docentes do mesmociclo e do centro en xeral e a autoformación para conseguir una mellora real da competencia dixital.

Espazos e recursos tecnolóxicos

A finais do curso pasado producíronse cambios importantes nas aulas de 1º a 4º coa chegada de Paneis Dixitais Interactivos que viñeron a substituír aos EDI e os vídeo-proxectores. As aulas de 5º e 6º, inglés e música contan con ordenador para o profesorado, vídeo-proxector, encerado dixital interactivo e altofalantes. A aula de relixión conta co mesmo equipamento agás polo encerado dixital interactivo. Debido a que o centro pertence á rede Abalar, as aulas de quinto e sexto contan, ademais, cun armario de carga e un ultraportátil para cada alumno. O departamento de orientación dispón de cinco ordenadores, dous iPad e dúas impresoras. Tamén contamos cunha aula de informática con vinte e seis ordenadores con conexión a internet (un para o docente e vinte e cinco para o alumnado), vídeo-proxector e pantalla. O salón de actos conta cun proxector e coas conexións necesarias para o emprego dun ordenador portátil que permita o desenvolvemento de actividades en gran grupo. A biblioteca, ademais de contar cun ordenador e unha impresora para a súa xestión e administración, tamén está dotada dunha pantalla, vídeo-proxector, altofalantes e sete ordenadores.

No presente curso porase en funcionamento unha aula dixital móbil, que consta de un carro de carga e 24 ordenadores portátiles para o uso de todos os niveis e grupo baixo demanda e para actividades concretas e puntuais.

A dotación de recursos técnicos no centro facilita a implementación deste plan xa que a súa presenza en todas as aulas posibilita un emprego sistemático dos mesmos de xeito cotián e, ademais, todo o alumnado pode realizar actividades usando un ordenador de forma individual na aula de informática e nas aulas Abalar.

Así mesmo, o centro conta con tres cámaras de fotos, unha cámara de vídeo e una gravadora de son que serán xestionadas polas persoas integrantes deste equipo.

Proxecto Abalar

O centro pertence á rede Abalar, co cal o alumnado de quinto e sexto ten a

posibilidade de mellorar de xeito significativo a súa competencia dixital debido ao desenvolvemento deste proxecto.

Na actualidade, o equipamento correspondente a este proxecto está obsoleto e con múltiples incidencias, sobre todo de ultraportátiles, que dificultan o desenvolvemento do mesmo. Constatando unha falta de mantemento por parte da Unidade de Atención a Centros, co cal este equipo non pode garantir a funcionalidade dos mesmos.

Obxectivos, contidos e actividades do Plan de integración das TIC

Este plan está deseñado como un itinerario formativo por niveis para ser implementado na súa totalidade en cada curso escolar. O profesorado deberá incluír na súa programación de aula tarefas significativas ligadas ao traballo que impliquen investigación e produción de materiais empregando as ferramentas informáticas e multimedia que ten á súa disposición.

A aula de informática, a aula dixital móbil e as aulas abalar posibilitarán que todo o alumnado, de xeito individual, poida desenvolver sistematicamente actividades empregando estas ferramentas e outras plataformas educativas existentes na rede compatibles coa lexislación vixente a nivel de protección de datos.

Sería recomendable traballar na aprendizaxe de acceso e funcionamento da aula virtual, continuando co traballo iniciado nos cursos anteriores.

Para o facilitar o desenvolvemento do Proxecto Abalar, ademais das actividades establecidas no Plan TIC, levaranse a cabo as seguintes actividades:

- Charla de inicio de curso para o alumnado de quinto e sexto, impartida polo coordinador Abalar, na que se repasarán as normas básicas de uso e coidado do equipamento da aula e da correcta xestión das contas de correo electrónico (se as titorías deses nivel así o consideran). En setembro ou na primeira semana de outubro entregaranse as pegatinas co nome de usuario e o contrasinal mestre de cada alumno para que este poida acceder á súa conta por primeira vez. A charla desenvolveríase na última semana de setembro ou na primeira quincena de outubro.
- Charla sobre o uso e publicación de imaxe e son destinada ao alumnado de quinto e sexto (se houbese demanda). Será deseñada e desenvolvida polo coordinador Abalar. Ao depender da demanda non se concreta temporalización.

Obxectivos e accións a desenvolver para a implementación do Plan Dixital

1.- Colaborar con outras entidades para desenvolver a competencia dixital.

Accións:

- Solicitar as charlas do Plan Director da Garda Civil e Policía Nacional sobre Novas Tecnoloxías.
- Contactar con entidades para charlas de diferentes temas (orientación laboral, coñecemento profesional, medio ambiente, ciencia en galego, ...)

2.- Actualizar os dispositivos dixitais da aula de informática.

Accións:

- Determinar as necesidades de cada equipo da aula de informática.
- Solicitar renovación dos equipos máis obsoletos.

3.- Promover o uso da Aula Virtual do centro por parte do alumnado.

Accións:

- Crear os cursos e matricular ao profesorado e alumnado na AV do centro.
- Publicar as actividades nos cursos correspondentes da AV do centro.
- Traballar co alumnado nas actividades creadas.

4.- Promover o uso da aula de informática e aula dixital móbil para garantir o acceso a nivel individual e de xeito periódico dos equipos informáticos no alumnado.

Accións:

- Coordinar o uso da aula de informática e a aula dixital móbil.
- Verificar trimestralmente a asistencia real.
- Informar ao equipo directivo dos resultados da verificación trimestral.

5.- Difundir entre o profesorado as distintas actividades de formación ofertadas polos centros de formación e/ou outras institucións que favoreza nunha mellora da súa competencia dixital. (nº de profesorado que realiza actividades de formación TIC)

Accións:

- Buscar actividades de formación destinadas a mellorar a competencia dixital do profesorado.
- Informar ao equipo directivo das actividades propostas.
- Difundir entre o profesorado as actividades de formación achegadas polo equipo TIC.

Espazos web do centro e canles de comunicación coas familias

O centro conta cun sitio web que serve como canle de comunicación con toda a comunidade educativa e onde se aloxan a galería fotográfica, que recolle as reportaxes gráficas de todas as actividades realizadas dentro e fóra do colexio, a aula virtual onde se ubica a documentación relativa aos cursos desenvolvidos no centro e toda a documentación relativa ao traballo á que o profesorado precise ter acceso, e os blogs educativos creados e xestionados por varios docentes para achegar recursos e as actividades realizadas nas aulas ao alumnado e familias.

Na actualidade están á disposición da comunidade educativa os seguintes contornos virtuais:

- Páxina web: <http://www.edu.xunta.es/centros/cepcelsoemiliovigo/>
- Galería fotográfica:
<http://www.edu.xunta.es/centros/cepcelsoemiliovigo/galeria/>
- Aula virtual:
<http://www.edu.xunta.es/centros/cepcelsoemiliovigo/aulavirtual/>
- Blogues:
 - Biblioteca: <http://moraima2011.blogspot.com.es/>
 - Inglés: - <http://www.frikinglish.blogspot.com.es/>
- <http://english-aholic.blogspot.com.es/>

Outras accións

Continuación dos labores encamiñados á creación de manuais básicos de usuario destinados a facilitar e homoxeneizar o uso dos recursos compartidos. Estes tutoriais centraranse, principalmente en dúas áreas: uso básico dos paneis interactivos e uso e coidado do equipamento da aula dixital móbil. Poderase considerar a elaboración doutros tutoriais que se consideren precisos para adaptarse ás necesidades xurdidas.

Avaliación

Co obxectivo de avaliar a implementación do plan de integración das TIC, as persoas integrantes do equipo de dinamización TIC recollerán os comentarios, suxestións e demandas do profesorado respecto da mesma. Esta información servirá para comprobar a utilidade e efectividade deste plan e para a súa retroalimentación identificando aspectos de mellora e reconducindo aqueles que precisen ser reaxustados ou modificados. Respecto do Plan Dixital, indicar que cada acción recollida nel ten asociados unha temporalización e un instrumento para a súa avaliación.

Así mesmo, recolleranse as suxestións que os distintos membros da comunidade escolar acheguen ao centro, especialmente no que á páxina web se refire, para optimizar dentro do posible estas canles de comunicación e adecualas ás necesidades reais dos usuarios.

Na memoria deste equipo recolléranse todos estes aspectos e as conclusións debidas co obxectivo de deixar constancia das propostas de mellora para a futura revisión do plan.

3.3 ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

As aportacións do Equipo de Extraescolares ao proxecto de centro deste curso, afondarán no Proxecto Anual do Centro, que terá como tema os **“As Olimpíadas”**.

Estudaremos unha selección por cada nivel, de seis temas relacionados co PDI, dos deportes olímpicos. Tamén dando continuidade a un proxecto anterior do colexio, de ecoloxía, reciclaxe, conservación do seu medio natural, como eixe da sostibilidade, ampliarase coa continuidade do “horto escolar” e co coidado de cultivos de xeito trimestral. Completarase o proxecto na súa vertente científica e tecnolóxica, cun estudo e investigación por grupos clase, e presentarase a proxectos “Innova”.

Programaremos distintos tipos de saídas, con actividades ao aire libre que teñan como obxectivos a conciencia do medio ambiente, o desenvolvemento sostible, o Proxecto do Centro, o Proxecto Innova, e tamén de reforzo do currículo.

Fomentaremos actividades e saídas presenciais, e tamén actividades a través da páxina web, en formato virtual, ademais das plásticas e técnicas de tipo obradoiro.

Participaremos ó longo do curso en actividades que nos ofertan durante os tres trimestres. Realizaremos excursións e actividades programadas, como as seguintes:

- Afundación.
- Naturnova.
- Museo do Mar.
- Museo Liste.
- Educación Viaria do Concello.
- Biblioteca Central.
- Xornadas de Teatro e Cine.
- Parques temáticos: arqueolóxicos, ...

- Xornadas de Igualdade do Concello
- Actividades de Normalización Lingüística do Concello.
- Charlas: Abalar,...
- Outras que oferten durante o curso.

Para as conmemoracións facemos as seguintes propostas relacionadas co proxecto do centro:

CADRO ACTIVIDADES ANUAIS RELACIONADAS CO PROXECTO

CELEBRACIÓN	DATAS	ACTIVIDADE	CURSO	EQUIPO
SAMAÍN	31 OUTUBRO	MURAL COLABORATIVO EXPOSICIÓN DE CABAZAS	TODO O ALUMNADO	NORMALIZACIÓN CONVIVENCIA
MAGOSTO	10 NOVEMBRO	CROSS ESCOLAR/DEGU STA-CIÓN CASTAÑAS	TODO O ALUMNADO/ ALUMNADO IES	ACE/EF
NADAL	SEMANA DO 13 AO 22	DECORACIÓN ENTRADA E ESCENARIO POSTAIS /CALENDARIO FESTIVAL	TODO O ALUMNADO GRUPOS A	ACE
DÍA DA NON VIOLENCIA E A PAZ	30 XANEIRO	CANCIÓN E MANUALIDADE	TODO O ALUMNADO	CONVIVENCIA
DÍA DE ROSALÍA	23 FEBREI- RO	PLÁSTICA E POESÍA	ALUMNADO VOLUNTARIO	NORMALIZACIÓN
ENTROIDO	SEMANA DO 5 AO 9 FEBREI-RO	DECORACIÓN ENTROIDO MONTAXE FESTIVAL	TODO O ALUMNADO MESTRES EDUCACIÓN FÍSICA	ACE
DÍA INTERNACION AL DA MULLER	8 DE MARZO	ACTIVIDADES	TODO O ALUMNADO	CONVIVENCIA
SEMANA DO LIBRO		PROXECTO INNOVA	TODO O ALUMNADO	BIBLIOTECA

	SEMANA DO 22 AO 26 ABRIL	MURAI EXPOSICIÓNS DE LECTURAS		
LETRAS GALEGAS	SEMANA DO 13 AO 17 DE MAIO	EXPOSICIÓ CHARLAS OBRADOIROS FESTIVAL	FAMILIAS/VOLUNT ARIO TODO O ALUMNADO GRUPOS B	NORMALIZA- CIÓN/ BIBLIOTECA
DÍA MUNDIAL DO MEDIO AMBIENTE	SEMANA DO 1 AO 5 DE XUÑO	MURAI	TODO O ALUMNADO	PROXECTOS CENTRO.
FIN DE ETAPA	XUÑO	CEREMONIA DE GRADUACION	ALUMNADO 6º NIVEL	ACE/TITORES DE 6º

OUTRAS ACTIVIDADES:

	DATAS	ACTIVIDADE	CURSO	EQUIPO
RADIO CELIO	TODOS OS VENRES	PROGRAMA DE RADIO	TODO O ALUMNADO	NORMALIZACIÓN/TIC
REVISTA ESCOLAR	30 MAIO	DÚAS PÁXINAS POR CURSO	TODO O ALUMNADO	NORMALIZACIÓN
HORTO	2º/3º TRIMESTRE	CULTIVOS	TODO O ALUMNADO	TITORÍAS
BENESTAR EMOCIONAL PATIOS DINÁMICOS	TODO O CURSO	XOGOS EXTERIORES	TODO O ALUMNADO	CONVIVENCIA/ ORIENTACIÓN

4.- Addenda do Proxecto lingüístico (art. 14.4)

Rematados os catro anos do Proxecto Lingüístico de Centro, presentamos a Addenda provisional á espera de elaborar este curso o novo Proxecto.

“Información sobre os cambios aprobados polo centro e autorizados pola conselleríacompetente en materia de educación na impartición de materias en lingua(s) estranxeira(s)”, recollido no seguinte cadro:

Número de horas e lingua vehicular por materia e curso

Materias	1º (lingua)	2º (lingua)	3º (lingua)	4º (lingua)	5º(lingua)	6º(lingua)
L.Galega	4(gal)	4(gal)	4(gal)	4(gal)	4(gal)	4(gal)
L. Castelá	4(cast)	4(cast)	4(cast)	4(cast)	4(cast)	4(cast)
L. Inglesa	2(ingl)	2(ingl)	3(ingl)	3(ingl)	3(ingl)	3(ingl)
Matemáticas	5(cast)	5(cast)	4(cast)	4(cast)	4(cast)	4(cast)
C. Natureza	3(gal)	2(gal)	3(gal)	2 (gal)	3(gal)	2(gal)
C. Sociais	2(gal)	3(gal)	2(gal)	3 (gal)	2(gal)	2 (gal)
E. Física	2(gal)	2(gal)	2(gal)	2(gal)	2(gal)	2(gal)
Relixión/Proxe cto compet encial	1(cast)	1(cast)	1(cast)	1(cast)	1(cast)	1(cast)
Ed. Plástica	1(cast)	1(cast)	1(cast)	1(cast)	1(cast/inglés)	1(cast/inglés)
Música	1(cast)	1(cast)	1(cast)	1(cast)	1(cast)	1(cast)
Valores	-	-	-	-	-	1 (gal)

4.1 CONSTITUCIÓN DO EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DALINGUA GALEGA

O EDLG quedou constituído para este curso, na primeira reunión de setembro, polos seguintes membros:

- Iglesias Giraldez Paula.
- Barros Alfonso Vanesa.
- Pereira Ballesteros Cristina.
- Corral Ferreiro Belén (Coordinadora)

4.2. ACTIVIDADES QUE SE VAN A DESENVOLVER PARA O FOMENTO E DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA

En canto ás actividades para a dinamización e fomento da lingua galega

4.2.1. Relación e interacción coa nosa contorna

OBXECTIVOS:

- Fomentar o uso da lingua propia de Galicia, da transmisión e do coñecemento da súa cultura entre todos os membros da comunidade educativa.
- Manter e ampliar a relación cos centros educativos da contorna, especialmente a EEICristo da Victoria e o IES Álvaro Cunqueiro, coas asociacións veciños e todas aquelas asociacións deportivas e culturais do barrio.
- Utilizar o panel informativo para que toda a comunidade educativa coñeza as diferentes actividades que se desenvolvan no centro.
- Colaborar e participar de xeito coordinado nas diferentes actividades.
- Participar como convidados en algunhas das actividades que nos propoñan a EEI Cristo da Victoria.
- Diseñar e realizar actividades dirixidas ao alumnado da EEI coa axuda do noso alumnado (xornada de portas abertas con xogos populares e tradicionais, xogos cantados, xornadas de lectura).
- Preparar un día de convivencia co alumnado de cinco anos da EEI no noso centro.
- Solicitar a colaboración do alumnado do IES Álvaro Cunqueiro en festividades ou conmemoracións do curso (magosto e Letras Galegas) e outras actividades.
- Diseñar un plan conxunto de adaptación do noso alumnado de 6º de primaria ao IES Álvaro Cunqueiro con actividades conxuntas para facilitar a transición de etapa.
- Acercar a escola á contorna e viceversa.
- Traballar de xeito coordinado con diferentes entidades e asociacións da nosa cidade para levar a cabo o Proxecto de Centro.

ACTIVIDADES:

- Chegar a acordos coas diferentes agrupacións deportivas e culturais para que representen as súas actividades e os seus deportes ao noso alumnado.
- Participación das ludotecas lingüísticas ofertadas polo equipo de dinamización lingüística do Concello de Vigo.
- Utilización do taboleiro informativo do centro.
- Alumnado do centro participará na convivencia cos alumnos de 5 anos da EEI como monitores dos diferentes xogos e actividades plantexadas.
- No magosto alumnado de ESO e bacharelato do IES participará na organización da xornada de xogos populares e tradicionais.

PARTICIPANTES:

Toda a comunidade educativa do centro o seu contorno e os centros adscritos.

4.2.2. Dinamización da lectura

OBXECTIVOS

- Colaborar co Equipo de Biblioteca á hora de deseñar as actividades.
- Continuar ampliando o fondo editorial en galego.
- Favorecer o gusto pola lectura en galego.

- Promover distintas actividades de investigación e difusión relativa á proxecto docento.

ACCIONES

- Campaña de animación á lectura a través de contacontos.
- APADRIÑA UN LECTOR. O alumnado de 4º, 5º e 6º apadriñarán un alumno de 1º, 2º e 3º cursos. Cada padriño ou madriña encargaranse de saber os gustos do seu afillado, e un día á semana na hora do proxecto lector, leranlle un conto ou texto dun libro que previamente buscarán na biblioteca do colexio.
- Tanto os padriños e madriñas coma os afillados e afilladas Terán una tarxeta, na que se anotarán os gustos da lectura, os libros que lle foron lidos, a data de comezo e remate da lectura, se lle gustou,...Cada un debe cubrir a súa tarxeta.
- Mochila viaxeira: Esta actividade é organizada dende a biblioteca. Tentarase asesorar e velar para que o contido desta mochila fomente o uso das linguas oficiais e tamén do inglés no 3º ciclo.
- Lecturas interactivas: Aproveitar as ferramentas TIC para facer lecturas deste tipo, tentando motivar ao alumnado para empregar a nosa lingua.
- Gravacións de lecturas, obras teatrais, contos, cantigas, coplas, outras temáticas para compartir con outros niveis educativos e outros centros.

PARTICIPANTES

Toda a comunidade educativa do centro o seu contorno e os centros adscritos.

4.2.3. Conmemoracións e celebracións

O EDLG, en coordinación co resto dos equipos, tratará de organizar actividades ou tarefas para fomentar o uso do galego nas diferentes conmemoracións e celebracións fixadas no calendario escolar.

OBXECTIVOS

- Elaborar materiais diversos relacionadas coas conmemoracións respectivas, en lingua galega.
- Propoñerlle á comunidade educativa unha relación de posibles celebracións a longo do curso, suxerir actividades.
- Comprender a importancia de manter as tradicións de Galicia.
- Utilizar as novas tecnoloxías para investigar sobre as festas tradicionais, para elaborar os propios traballos e para amosar o traballo dos alumnos.
- Utilizar novas ferramentas educativas.
- Elaborar materiais diversos relacionados coa festas tradicionais, folclore, gastronomía, costumes... utilizando a lingua galega.
- Crear redaccións, cómics, murais, cancións... relativos á festa tradicional a celebrar, utilizando a lingua galega .
- Expresar oral e graficamente ideas sobre as festas populares, a súa orixe e repercusión na vida actual.
- Participar con poesías, cantos, bailes, contos...en lingua galega ante pequenos e grandes grupos.
- Participar na páxina web do colexio a través das distintas actividades.
- Participar nas actividades que organiza a Consellería de Normalización Lingüística a través do Servizo de NL do Concello.

- Colaborar co Equipo de Biblioteca na organización dos encontros cos autores das recomendacións lectoras do Nadal.
- Colaborar co Equipo de Actividades Complementarias na organización das diferentes conmemoracións e celebracións.

ACCIONES

Todas aquelas encamiñadas a celebrar:

- O Samaín (derradeira semana de outubro)
- O Magosto (2ª Semana de novembro)
- O Nadal (3ª e 4ª Semana de decembro)
- A Paz (30 de xaneiro)
- Día de Rosalía (23 de febreiro)
- O Entroido (Do 13 ao 19 de febreiro)
- Semana das Letras Galegas e os Maíos (Maio)

4.2.4. Semana das Letras Galegas

Farase unha exposición coa documentación achegada pola Consellería de Educación e co material que o centro achegue para este fin. Esta actividade ten como obxectivos dar a coñecer a vida e obra do autor homenaxeado cada ano como persoeiro importante e destacable pola súa defensa da lingua galega. Así mesmo, dende o centro tratarase de promover a celebración do Día das Letras Galegas cunhas xornadas culturais ao longo de toda a semana.

- **Xornada cultural:** desenvolveráse nas datas anteriores ao 17 de maio. Nelas traballarase, como xa indicamos, a vida e obra do autor e levaráse a cabo actividades relacionadas co Proxecto Anual do Centro que este ano estará relacionado coas "OLIMPIADAS". Dende o Equipo de Normalización do Centro, adicaremos unha especial atención ao achegamento aos distintos deportes participantes nas Olimpíadas, prestando especial atención ao vocabulario relacionado con eles (ferramentas usadas, lugares onde se desenvolven...). Inclúiranse asemade distintos:
- **Proxecto e miniproxectos** desenvolto no centro ao longo do curso e que tamén formarán parte desas xornadas culturais. Cada curso escolar, o colexio ademais de participar no proxecto a nivel de centro, nas titorías tamén elabóranse miniproxectos coa intención de crear actividades e tarefas relacionadas coas conmemoracións, saídas e traballos de investigación e achado de información, que deberán xirar en torno ao tema do proxecto anual; este curso dende o EDLG propónse tratar temáticas transversais implícitas no concepto das olimpíadas (capacidade de esforzo, superación persoal, control da frustración, o traballo en equipo, a inclusión...) partindo do Proxecto competencial desenvolto nas diferentes titorías.
- Ao rematar o proxecto anual elaborárase un dossier en galego co traballo feito e exporemos os traballos de investigación.
- **Murais.** Coa intención de que queden reflectidos os proxectos traballados no centro tentaremos realizar unha serie de murais nas paredes do pavillón que mostren eses traballos. Na súa elaboración participará todo o colexio. Asemade darase difusión do traballo realizado nas diferentes presentacións

na páxina webdo centro.

4.2.5. Revista escolar

No terceiro trimestre do curso publicarase a revista escolar anual do centro “A NOSA BOUZA” baixo a coordinación do EDLG. Toda a comunidade educativa participará na elaboración e maquetación da mesma.

Así mesmo, esta publicación achegará información variada sobre a vida e funcionamento do centro, mediante actividades coma: diferentes enquisas, traballos e proxectos feitos polos alumnos en cada aula, actividades complementarias e extraescolares que contará o alumnado participante, alumnado ABALAR, profesorado e ANPA, así como unha referencia ao autor homenaxeado no Día das Letras Galegas que este ano é: **Luísa Villalta**.

4.2.6. Teatro escolar

OBXECTIVOS

- Ampliar e memorizar vocabulario, así como entender os conceptos e contidos propio do texto teatral.
- Incrementar o léxico relacionado coa temática da representación que se dramatice.
- Coidar a comunicación verbal e no verbal na dramatización cara os espectadores.
- Memorizar o texto da obra de teatro e expresalo con fluidez e claridade.
- Producir mensaxes orais coa entoación e ritmo axeitado.

ACCIÓNS

Co fin de promover á integración das linguas dende unha perspectiva activa e integradora, plantéxase diferentes xeitos de engadir o xénero teatral na escola. A través de diferentes actividades promovidas polo equipo de dinamización da biblioteca do centro e polos titores nas actividades complementarias como as celebracións de efemérides (o Nadal, o Día das Letras Galegas, Día do Libro,...). Así coma calquera representación relacionada coas temáticas traballadas na aula ou podendo compartir estas experiencias con compañeiros de distintos cursos. Tamén se participará en actividades teatrais fora do colexio. Para darlle máis riqueza lingüística a este xénero, as obras teatrais desenvolveranse nas diferentes linguas. Para iso, o claustro fará as propostas que lles gustaría levar a cabo promovendo a educación plurilingüe na escola.

PARTICIPACIÓNS E PROFESIONAIS

O alumnado que participe en calquera obra teatral así como os profesores que propoñan desenvolver dita actividade.

TEMPORALIZACIÓN

Faranse nos días que sinalen os titores ou profesores encargados do

desenvolvemento da obra teatral. Os días estimados poden ser os das conmemoracións e celebracións que aparecen concretados na Programación Xeral Anual do centro.

4.2.7. Horto escolar

OBXECTIVOS

- Coñecer e apreciar o propio corpo e contribuír ao seu desenvolvemento, adoptando hábitos de saúde e benestar.
- Colaborar na planificación e realización de actividades en grupo.
- Adquirir conciencia sobre a incidencia das nosas actividades sobre o equilibrio do medio.
- Desenvolver a sensibilización ante distintas problemáticas ambientais.
- Comprender e establecer relacións entre os feitos e os fenómenos do entorno natural e social.
- Identificar e elaborar interrogantes e problemas a partir da experiencia diaria.
- Debe servírnos para traballar valores e actitudes como a convivencia, a autonomía, a solidariedade, o traballo cooperativo.
- Coñecer e identificar ás árbores do recinto escolar.
- Plantar e recoller plantas olorosas, medicinais e as que poidan servir de condimento ás comidas.
- Participar nos diferentes traballos do horto: preparar a terra e abonala, elaborar ocompós, sementar e transplantar, retirar as malas herbas e ter o horto coa auga suficiente.
- Utilizar o noso horto dun xeito transversal que nos sirva como zona de investigación e traballo doutras áreas: educación física, ciencias naturais, debuxo, matemáticas, lingua galega,...
- Ter un coñecemento básico dos útiles e ferramentas que podemos utilizar no horto.
- Participar en charlas informativas sobre a agricultura ecolóxica.
- Desenvolver novas técnicas da agricultura ecolóxica no noso horto.

ACTIVIDADES:

- Cada grupo ten a súa disposición un bancal. Prepararán o terreo, sementarán ou transplantarán e coidarano ata que fagan a colleita do mesmo.
- Todos os restos de folla, poda e das merendas (vexetais) formarán o compós do curso seguinte.
- Charlas coloquio con persoeiros que cambian a nosa agricultura.
- Realizaranse traballos relacionados coas novas técnicas da agricultura ecolóxica.

PARTICIPANTES

- Todos os grupos do centro.
- O equipo directivo.
- O equipo do horto escolar.
- O profesorado.
- O persoal non docente.

- Persoas da contorna vinculadas á agricultura

ecolóxica. TEMPORALIZACIÓN

Plurianual

4.2.8. Radio Celio

OBXECTIVOS

- Fomentar a expresión e comprensión oral do alumnado nas diferentes linguas.
- Participar de xeito activo na elaboración de textos escritos e producións de noticias.
- Buscar, seleccionar e valorar as informacións do seu entorno próximo.
- Fomentar actitude positiva no desenvolvemento do conxunto de actividades.
- Aproximar ao alumnado a cultura popular a través da lingua

galega.

ACCIÓNS

Traballarase no deseño e participación na emisión dun programa de Radio Escolar por parte dos alumnos.

PARTICIPACIÓNS E PROFESIONAIS

Nesta proposta participarán tódolos niveis da etapa de Primaria. Aproveitaremos estas actividades da radio na escola para fomentar a interacción entre os compañeiros/as do mesmo nivel, favorecendo a expresión oral nun ambiente de diálogo, mentres participan na preparación dos contidos e o desenvolvemento do programa. Esta actividade, será guiada e orientada polos titores de cada curso que lle corresponda desenvolver o programade radio.

TEMPORALIZACIÓN

Levárase ao longo do curso escolar cunha emisión semanal. Organizarase a principiode curso a distribución dos participantes dos diferentes niveis para garantir orde e coherencia no desenvolvemento da actividade. O programa pode ser libre ou dirixido, cun guión proposto polo EDLG. Todas as titorías realizarán dúas emisións ao longo do curso ofrecendo as temáticas ou actividades que teñan traballadas na clase.

4.2.9. **Proxecto "Apadriña unha verba co seu personaxe"**

OBXECTIVOS

- Posibilitar o emprego de palabras da nosa lingua en vías de extinción.
- Acercar ao alumnado ao coñecemento dos escritores e escritoras da nosa literatura homenaxeados na celebración do Día das Letras Galegas.
- Manter este proxecto coma un apartado fixo da nosa radio escolar.

ACCIÓNS

Implicar a toda a comunidade educativa na busca desas verbas esquecidas, deformadas ou abandonadas. Emitir no programa da radio e dar a coñecer as verbas

recollidas neste proxecto ao longo do curso. Coa colaboración do EDLG acercar ao alumnado a aquelas personaxes que deixaron pegada na nosa literatura.

PARTICIPACIÓNS

Todo o alumnado do centro, mestres e todo aqueles membros da comunidade educativa que desexen participar.

TEMPORALIZACIÓN

Anual.

5. PROPOSTA DA CONCRECIÓN ANUAL DO PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

1. INTRODUCCIÓN

O presente Plan Anual de orientación foi elaborado pola Orientadora do centro, e posto en común e aprobado polos membros do Departamento, inclúe recomendacións e directrices en relación ás medidas de atención ao alumnado con NEAE durante o presente curso.

Neste curso 2023-2024 contamos con dúas mestras especialistas de Pedagogía Terapéutica e unha mestra especialista de Audición e Linguaxe compartida con outro centro, que asistirá ao noso colexio os martes, xoves e venres, para dar resposta ás necesidades do alumnado. Cabe mencionar que este curso non contamos, debido aos recortes en profesorado da Consellería de Educación, da especialista en AL a tempo completo coa que contábamos dende o curso 2018-2019.

Dende setembro do ano 2021, o centro participa nos CONTRATOS-PROGRAMA de ARCO e PROA+ dirixidos ao alumnado de 4º, 5º e 6º de EP. Este curso deuse continuidade a este programa (PROA+) coa solicitude dun/dunha profesora/or especialista en PT. As intervencións deste especialista foron realizadas tendo en conta as intruccións do 13 de xullo de 2022, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa.

A proposta de atención do alumnado con NEAE quedou reflexada na Memoria final do pasado curso académico, e despois de realizada a avaliación inicial por parte das diferentes titorías e especialistas poderá ser axustada á situación actual dadas as características deste curso. As previsións tiveron en conta os seguintes criterios de intervención:

- 1.-Alumnado de Necesidades Educativas Especiais
- 2.-Dificultades Específicas de Aprendizaxe.
- 3.-Alumnado de Integración tardía no sistema español educativo.
- 4.-Persoas con condicións persoais desfavorecidas.
- 5.-Altas capacidades.

Este Plan Anual de Orientación está baseado en dous aspectos que se complementan: por unha banda a Lexislación vixente e por outra a realidade socio educativa do alumnado e familias do centro.

2. XUSTIFICACIÓN BASEADA NO CONTEXTO:

Este Plan Anual de Orientación está baseado en dous aspectos que se complementan: por unha banda a Lexislación vixente e por outra a realidade socio educativa do alumnado e familias do centro.

2.1.-CONTEXTO LEGAL:

O seguinte Plan ten como referentes legais:

- De acordo co Decreto 120/1998 (DOG do 23 de abril) polo que se regula a Orientación Educativa e Profesional en Galicia, o Dto. de Orientación do Centro colaborará na elaboración e revisión dos seguintes documentos que forman parte do Proxecto Educativo do Centro:
 - * Plan de Orientación.
 - * Plan Xeral de Atención á Diversidade.
 - * Plan de Acción Titorial.
 - * Plan de Convivencia.
- Orde do 24 de xullo de 1.998 (DOG do 31) pola que se establece a organización e funcionamento da Orientación Educativa e Profesional na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Decreto 374/1996 de 17 de outubro (DOG do 21): Regulamento Orgánico das Escolas de Educación Infantil e CEIPs.
- Circular 10/2010 da Dirección Xeral de Educación, Formación profesional e Innovación Educativa pola que se ditan instrucións para coordinar as actuacións e establecer as accións prioritarias dos servizos de orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Lei 4/2011, de 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa.
- Sección terceira do Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de educación
- Ley Orgánica 3/2020, de 29 de diciembre, por la que se modifica la Ley Orgánica 2/2006, de 3 de mayo, de Educación.
- Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e non discriminación LGTB.
- Decreto 8/2015 de 8 de xaneiro polo que se desenvolve a Lei 4/2011, de 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa.

- Orde do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

Ademáis, na Comunidade Autónoma de Galicia existen unha serie de protocolos educativos elaborados pola Consellería de Educación que teñen como finalidade establecer un marco de acción común para os centros educativos, garantir unha intervención eficaz, preventiva e baseada na evidencia e previr os posibles riscos que poidan aparecer.

Estos protocolos abarcan diferentes temas relacionados coa atención á diversidade, as necesidades específicas de apoio educativo, a acción titorial, a orientación educativa, etc.

Neste sentido contamos cos seguintes protocolos:

- Protocolo para a prevención e o control do absentismo escolar.
- Protocolo para garantir a igualdade, a non discriminación e a liberdade de identidade de xénero.
- Protocolo para a prevención, detección e tratamento do acoso e ciberacoso escolar.
- Protocolo de urxencias sanitarias e enfermidade crónica.
- Protocolo de atención educativa domiciliaria.
- Protocolo para a prevención, detección e tratamento do risco suicida no ámbito educativo.
- Protocolo de protección de datos
- Protocolo de coordinación, intervención e derivación interinstitucional en atención temperá.
- Protocolos de Necesidades Específicas de Apoio Educativo (NEAE).

Englóbense aquí unha serie de protocolos dirixidos ao alumnado con NEAE xa sexa por presentar necesidades educativas especiais, dificultades de aprendizaxe, altas capacidades, TDAH, incorporación tardía ao sistema escolar, historia persoal ou escolar, etc.

Ditos protocolos serían:

- Protocolo de tratamento educativo de alumnado con trastorno do espectro do autismo (TEA)
- Protocolo de intervención educativa en dislexia e outras dificultades de aprendizaxe.
- Protocolo de atención educativa a alumnado con síndrome de Down e/ou discapacidade intelectual.

- Protocolo de Consenso sobre TDAH na Infancia e na Adolescencia nos Ámbitos Educativo e Sanitario.
- Protocolo de atención educativa a alumnado con Altas Capacidades.
- Protocolo de atención educativa a alumnado con Discapacidade Auditiva.

3. DATOS DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

3.1. CATALOGACIÓN E CONSTITUCIÓN

O día 12 de setembro de 2022, procedeuse á constitución do Departamento de Orientación (DO), segundo sinala o artigo 4 do Decreto 120/1998, do 23 de abril, polo que se regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia; quedando constituído polos seguintes mestres:

Coordinadora do 1º ciclo EP:	María Fernanda Lorenzo Vázquez
Coordinadora do 2º ciclo EP.:	Fátima Álvarez Villalaín (Substituta de Paula R.)
Coordinadora do 3º ciclo EP.:	Paula Iglesias Giráldez
Mestra de Apoio a alumn@s con NEAE en AL:	Loli Rúas Comesaña
Mestre de Apoio a alumn@s con NEAE en PT:	Mª Teresa Alfageme Rodríguez
Mestre de Apoio a alumn@s con NEAE en PT:	Andrea Doural Sánchez
Xefa do Departamento:	María Isabel Domínguez González

Este Departamento de Orientación está adscrito ao do I.E.S Álvaro Cunqueiro.

O Departamento de Orientación reunirase os martes pola tarde segundo o Plan proposto pola Xefatura de Estudos e convocatoria da xefatura do mesmo. Ademais establécense reunións semanais de coordinación da Orientadora coas especialistas en PT e a especialista en PT/AL de PROA+, que se realizarán os mércores na quinta sesión da mañá.

É importante a coordinación deste departamento co Equipo Directivo polo que teremos as reunións que se precisen entre a Xefatura de Estudos e Dirección coa Xefatura do Departamento para tratar todos os aspectos do centro relativos á atención á diversidade.

O horario da xefatura do departamento de orientación distribúese deste xeito:

HORARIO ORIENTADORA

HORA	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
9:00-	ATENCIÓN	ATENCIÓN	ATENCIÓN	ATENCIÓN	ORIENTACIÓN
9:50	FAMILIAS	FAMILIAS	FAMILIAS	FAMILIAS	

9:50- 10:40	ORIENTACIÓN	ORIENTACIÓN	ORIENTACIÓN	ORIENTACIÓN	ORIENTACIÓN
10:40- 11:30	ORIENTACIÓN	ORIENTACIÓN	ORIENTACIÓN	ORIENTACIÓN	ORIENTACIÓN
11:30- 12:00	ORIENTACIÓN	ORIENTACIÓN	ORIENTACIÓN	ORIENTACIÓN	RECREO
12:00- 12:30	ORIENTACIÓN	ORIENTACIÓN	ORIENTACIÓN	ORIENTACIÓN	ORIENTACIÓN
12:30- 13:15	ORIENTACIÓN	ORIENTACIÓN	ORIENTACIÓN	ORIENTACIÓN	ORIENTACIÓN
13:15- 14:00	ORIENTACIÓN	ORIENTACIÓN	ORIENTACIÓN	ORIENTACIÓN	ORIENTACIÓN

As sesións denominadas de ORIENTACIÓN están adicadas principalmente a:

- Avaliación do alumnado.
- Elaboración de informes
- Deseño de programas de intervención
- Axuste e seguimento destes programas
- Coordinación con organismos que teñen concerto coa Xunta de Galicia.
- Elaboración, deseño e compra de material
- E todas aquelas outras que teñan que ver coa función orientadora.

Este horario poderá variar cando sexa preciso atender determinadas funcións como: colaboración co EOE, reunións de coordinación co IES ao que estamos adscritos...

4.CONTEXTO DE CENTRO.

O noso ámbito de actuación abrangue o CEP Celso Emilio Ferreiro que consta de 12 unidades cos seguintes agrupamentos:

2 grupos de 1º

- 1ºA..... 13 alumnos
- 1ºB..... 13 alumnos

2 grupos de 2º

- 2ºA..... 15 alumnos
- 2ºB..... 11 alumnos

2 grupos de 3º

- 3ºA..... 14 alumnos
- 3ºB..... 14 alumnos

2 grupos de 4º

- 4ºA.....19 alumnos
- 4ºB.....20 alumnos

2 grupos de 5º

- 5ºA.....13 alumnos
- 5ºB.....14 alumnos

2 grupos de 6º

- 6ºA.....15 alumnos
- 6ºB.....15 alumnos

En total o centro ten matriculados a 176 alumnos, atendidos por 21 profesores e unha profesora a tempo parcial. Coordinámonos co Departamento de Orientación do IES “Álvaro Cunqueiro” ao que estamos adscritos.

O colexio ten asinadas tamén 2 Auxiliares Técnicas Educativas baseándose na rateo de alumnado con NEAE que se escolarizan.

5. OBXECTIVOS XERAIS DO PLAN

En consonancia coa concepción da orientación exposta no Decreto 120/1998, do 23 de abril polo que se regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia, e tendo en conta o contexto do Centro, establécense os seguintes obxectivos xerais:

- Contribuir á personalización da educación (integridade e individualización).
- Axustar a resposta educativa ás necesidades particulares dos nenos e nenas, mediante as oportunas adaptacións curriculares, metodolóxicas e organizativas.
- Garantir os elementos educativos máis diferenciados e especializados.
- Prever as dificultades da aprendizaxe antes de que aparezan.
- Asegurar a continuidade educativa a través dos distintos ciclos e etapas.
- Fomentar a participación dos pais e nais nas actividades de reforzo e apoio ante as dificultades e problemas dos seus fillos e fillas.

Estes obxectivos xerais desenvolveranse a través das Accións Prioritarias publicadas na Circular 10/2010 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación

Educativa pola que se ditan instrucións para coordinar as actuacións e establecer as accións prioritarias dos Servizos de Orientación Educativa e Profesional na Comunidade Autónoma de Galicia, éstas son as seguintes:

a) Relacionadas coa inclusión e a diversidade:

- Asesorar ao equipo directivo sobre o contido do proxecto educativo e os documentos que o integran, especialmente sobre as medidas de atención á diversidade e a acción titorial.
- Elaborar e poñer en práctica programas destinados á prevención e detección precoz de dificultades de aprendizaxe.
- Axustar as propostas de apoio educativo á realidade de cada alumna ou alumno, con intervencións inclusivas e orientadas polo potencial de aprendizaxe do alumnado.
- Asesorar aos departamentos, equipos de ciclo e profesorado en xeral nos procesos de axuste e desenvolvemento das concrecións curriculares, das programacións de curso e /ou ciclo, das medidas de reforzo educativo e nas adaptacións curriculares.
- Facilitar asesoramento a toda a comunidade educativa sobre as diferentes medidas e recursos para a atención do alumnado con necesidade específica de apoio educativo.

b) Relacionadas coa acción titorial:

- Colaborar co profesorado titor no desenvolvemento das medidas contempladas no Plan de Acción Titorial (PAT), asesorando á totalidade da comunidade educativa sobre o sistema educativo, os procesos de admisión, as accións de acollida, os cambios de centro e a participación na organización e no goberno dos centros.
- Colaborar cos diferentes equipos docentes no deseño e elaboración dos protocolos para a realización da avaliación inicial do alumnado.

c) Relacionadas coa convivencia e coa educación en valores:

- Diseñar e poñer en práctica programas destinados á promoción da convivencia e á resolución pacífica dos conflitos, asesorando na elaboración do Plan de Convivencia do centro.
- Asesorar á comunidade educativa sobre a elaboración e aplicación das normas de organización e funcionamento.

d) Relacionadas co Plan de Orientación, co plan anual e coa memoria de cada curso:

- Manter actualizado o Plan de Orientación, concretando no plan anual do

departamento as actuacións previstas para o curso, os seus destinatarios, os responsables da súa execución e a temporalización correspondente.

- Realizar a Memoria Final do curso en base ao desenvolvemento do plan anual, cunha adecuada fundamentación das propostas de mellora que procedan para o curso seguinte.

e) Relacionadas cos procesos de avaliación e calidade:

- Colaborar nos diferentes procesos de avaliación do centro:

- Avaliación inicial, continua (Sesións de avaliación trimestral), Final.

- Avaliacións de Diagnóstico.

- Asesorar á totalidade da comunidade educativa sobre os proxectos de mellora e calidade do sistema educativo.

f) Relacionado co drdoriente e drdadi:

- Facilitar, en forma e en prazo, a información que se demanda na aplicación informática drdoriente e drdadi.

Traballarase nas seguintes liñas de actuación:

- Contribución ao desenvolvemento de todos os aspectos da persoa (sociais, persoais, afectivos...) atendendo ás características persoais, aptitudes, intereses, motivacións de cada alumno/a.
- Cooperación nos aspectos orientadores da educación, como favorecedora das aprendizaxes máis funcionais, mellor conectados co contorno, facendo que a escola achegue realmente "educación para a vida".
- Favorecer os procesos de madurez persoal, de desenvolvemento da propia identidade e sistema de valores e da progresiva toma de decisións a medida que os alumnos adoptan opcións na súa vida, primeiro escolares e logo profesionais.
- Prever as dificultades de aprendizaxe anticipándose a elas.
- Axustar a resposta educativa ás necesidades particulares dos alumnos, mediante as oportunas adaptacións curriculares e metodolóxicas, adecuando a escola aos alumnos e non os alumnos á escola.
- Contribuír á adecuada relación e interacción entre os distintos integrantes da comunidade educativa, profesores, alumnos e pais, así como entre a comunidade educativa e o contorno social, asumindo o papel de mediación e, se é preciso, de negociación ante os conflitos ou problemas que poidan exporse entre eses distintos integrantes.
- Contribuír a toda clase de factores de innovación e de calidade que redunden nunha

mellor educación, nunha educación orientadora e no apoio técnico á oferta educativa.

- Contribuír ao desenvolvemento do alumnado en todos os seus ámbitos e facetas de maneira que se forme dunha maneira integral e harmónica.

6. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS POR ÁMBITOS DE ACTUACIÓN

6.1.-Obxectivos referidos ao centro:

- a) Asesorar e ofrecer recursos á comunidade educativa que favorezan a posta en práctica de medidas organizativas y curriculares de atención á diversidade.
- b) Colaborar coa Comisión da Convivencia participando como membro representante do profesorado.
- c) Analizar os resultados da avaliación diagnóstica e propoñer medidas de intervención.
- d) Colaborar coa xefatura de estudos na organización dos “Apoios Educativos”
- e) Revisar os documentos do Departamento de Orientación (PAD, PAT,.....)

6.2.- Obxectivos referidos ao profesorado

- a) Apoiar a actuación do profesorado, proporcionándolle información sobre recursos, medios materiais, didácticos e estratexias metodolóxicas que poidan favorecer o seu labor docente e titorías.
- b) Asesorar sobre a avaliación do proceso de ensino-aprendizaxe, asistindo ás xuntas de avaliación correspondentes.
- c) Coordinar a actuación do profesorado titor e a profesora de apoio a necesidades educativas especiais, de cara a dar resposta ás NEE do alumnado.
- d) Transmitirlles información acerca dos resultados das avaliacións psicopedagóxicas e de aspectos persoais, sociais, familiares e de historia escolar que repercutan no proceso de ensinanza –aprendizaxe do alumnado.
- e) Coordinar a elaboración, posta en marcha e revisión das adaptacións curriculares e das medidas de apoio e reforzo educativo.
- f) Asesorar sobre entrevistas e reunións cos/as pais/nais e participando nelas se fose necesario.

6.3.-Obxectivos referidos ao alumnado

- a) Diseñar accións de atención temperá de carácter preventivo e compensador das necesidades educativas especiais.

- b) Identificar as dificultades e potencialidades do alumnado con necesidades educativas especiais, concretando as pautas de actuación e medidas para a súa atención
- c) Contribuír á personalización dos procesos de ensino-aprendizaxe (medidas de atención á diversidade)
- d) Procurar a integración e normalización do alumnado no seu grupo e no conxunto da dinámica escolar
- e) Fomentar no alumnado as actitudes cooperativas.

6.4.-Obxectivos referidos ás familias

- a) Proporcionarlles información referente ao centro, á educación dos seus fillos/as e o DO.
- b) Implicar aos pais/nais no proceso de aprendizaxe dos seus fillos, solicitando información, demandando colaboración.
- c) Participar na solicitude de axudas para alumnado con NEAE que precisen reeducación pedagóxica e/ou da linguaxe, fóra do horario escolar, asesorando aos pais sobre a oferta existente ao respecto.
- d) Favorecer a comunicación familia-colexio para intercambiar inquiredanzas e buscar solucións conxuntas, despois dunha actitude reflexiva.
- e) Proporcionar aos pais/nais de alumnos con necesidades educativas especiais as orientacións que sexan pertinentes para a mellora do seu desenvolvemento persoal, social e escolar .
- f) Potenciar a participación dos pais/nais nas actividades do centro.

6.5.-Obxectivos e actuacións con respecto a outras institucións

- a) Colaborar cos organismos e entidades públicas cando así o requiran.
- b) Solicitar a cooperación doutros profesionais externos ao centro cando a situación o requira: Saúde Mental, Pediatra, outras especialidades médicas...
- c) Solicitar a intervención do Equipo de Orientación Específico Provincial cando a situación o requira: flexibilización da escolarización, cambio da modalidade de escolarización, escolarización de alumnos con NEAE....
- d) Solicitar a intervención dos servizos sociais (Infancia e familia do Concello de Vigo, Equipo de Menores, Secretariado Xitano) cando a situación socio-familiar interfira no proceso de ensinanza-aprendizaxe do/a alumno/a.

7. ANÁLISE DAS NECESIDADES ESPECÍFICAS DE APOIO EDUCATIVO

No noso Centro existe un amplo abano de necesidades específicas de apoio educativo: trastornos da linguaxe, alumnado diagnosticado de TEA, alumnado con trastorno de conduta, alumnado con discapacidade intelectual, alumnado con NEAE por Déficit de Atención e Hiperactividade, alumnado con Trastorno Xeneralizado do Desenvolvemento, alumnado con NEAE por condicións persoais ou de historia escolar.

Este alumnado con Necesidades Específicas de Apoio Educativo é atendido polos especialistas de Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe en sesións de 50 minutos, 45 minutos ou 25 minutos, individualmente, en pequeno ou gran grupo, dentro ou fóra da aula, adaptándose sempre ás necesidades dos nenos ou nenas.

8. PLAN DE ACTUACIÓN

8.1. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

O fin desta Atención á diversidade é proporcionar a todo o alumnado unha educación adecuada ás súas características e necesidades, concebindo a diversidade como unha característica intrínseca ao ser humano, que determina unha serie de diferenzas individuais, provocadas por determinados factores:

- Diferenzas de aptitudes, capacidades, necesidades, intereses, ritmo de maduración e expectativas.
- Diversidade de situacións persoais e socioculturais (diferenzas do contexto cultural no que se desenvolve @ alumn@, minorías étnicas, alumnado inmigrante, ámbito rural, urbano, nivel sociocultural dos proxenitores...
- Diferentes niveis de competencia curricular e estilos de aprendizaxe.

A atención ao ANEAE realizarase a través do deseño de medidas específicas de atención á diversidade do alumnado, axustando a resposta educativa ás necesidades particulares dos nenos e nenas, mediante as oportunas adaptacións curriculares, metodolóxicas e organizativas, ofrecendo os recursos necesarios, (persoais e materiais), para que os alumnos e alumnas que requiren unha atención educativa diferente á ordinaria por presentar necesidades educativas especiais, por dificultades específicas de aprendizaxe, polas súas altas capacidades intelectuais, por incorporarse tarde ao sistema educativo, ou por condicións persoais ou de historia escolar, poidan alcanzar o máximo desenvolvemento posible das súas capacidades persoais, e en todo caso, os obxectivos

establecidos con carácter xeral para todo o alumnado. (atendendo á actual lexislación vixente). Esta atención á diversidade realizarase a través de:

- *Estudio das demandas de intervención concretas, avaliación e deseño das medidas de atención necesarias, de acordo co proceso seguinte:*
 - Delimitación da demanda por parte do titor/pais/Xefa estudos...
 - Recollida de datos. (Entrevistas co titor, profesores de apoio, revisión documentación, autorización dos pais, observación directa do alumnado, en diferentes contextos, ...)
 - Avaliación psicopedagóxica (entrevista alumnado, familia, profesorado, aplicación de probas estandarizadas...).
 - Organización e análise da información obtida.
 - Presentación corresponsabilizada do programa de intervención (comunicación dos resultados da avaliación e das recomendacións pertinentes ao Equipo docente e familia).
 - Posta en práctica do mesmo.
 - Seguimento e revisión.
 - Comunicación periódica da evolución do alumnado ás familias.
 - Participación na elaboración das Adaptacións Curriculares Significativas (A.C.I.s).
 - Colaboración na organización de medidas e programas de reforzo.
 - Colaboración nas actividades de P.T.
 - Colaboración nas actividades de A.L.
 - Facilitar información na aplicación drdoriente e drdadi.

Atender á diversidade implica pois a acomodación da escola ás necesidades de todos os alumnos, o que esixe facer os axustes e adaptacións precisas en todos os elementos do proceso educativo. Neste senso, as decisións que se toman no centro tratan de dar resposta á totalidade do alumnado, como paso previo á individualización e axuste da propia ensinanza na aula e do servizo educativo considerado globalmente. A nosa escola asume, pois, o tratamento da diversidade establecendo estratexias e medios educativos que permitan o desenvolvemento óptimo de todo o alumnado, adaptando para iso os elementos do currículo e provéndoo dos servizos necesarios que, dada a complexidade e pluralidade

de aspectos que deben considerarse, entendemos deben articularse mediante o Plan Xeral de Atención á Diversidade.

8.2. ORIENTACION E ACCIÓN TITORIAL

8.2.1. Accións:

As accións que se levarán a cabo relacionadas co Plan de Acción Titorial son as seguintes:

- Colaborar na posta en práctica do P.A.T.
- Colaborar co equipo directivo na elaboración de propostas organizativas que posibiliten a máxima coordinación.
- Contribuir ao deseño e desenvolvemento da programación titorial, facilitando ao tit@r a súa actuación co alumnado, coas familias e co equipo educativo.
- Incidir de forma especial no desenvolvemento dun autoconcepto positivo no alumnado, elaborando e propoñendo programas de intervención.
- Impulsar a participación de todo o profesorado promovendo:
 - a) A utilización de programas que potencien a adquisición de recursos para unha óptima convivencia.:
 - Programa Galatea (Autoestima, clima escolar)
 - Programa Escepi (Habilidades Sociais)
 - Programa Deva (Valores e autoestima).
 - Programa Sentir e Pensar (Area emocional: Autoestima, autonomía, solución de conflitos...).
 - b) Promover, técnicas de Traballo Cooperativo co programa CA/AC (Cooperar para Aprender/ Aprender a Cooperar) para ensinar a aprender en equipo.
- Participación na revisión do Plan de Convivencia.
- Potenciar a elaboración e posta en marcha de recursos para favorecer a integración e o desenvolvemento do alumnado doutras culturas e para preparar ao alumnado en xeral para vivir nunha sociedade multicultural.
- Participar na revisión do Programa de Acolida ó novo alumnado de E.P.

- Coordinar o programa de Información e Sensibilización sobre o consumo de drogas, impartido pola Concellería de Benestar Social do Concello de Vigo e dirixido ao alumnado de 6º nivel de E.P.
- Coordinar e promover o Programa de Tránsito de E.P. á E.S.O.
- Coordinar o seguimento do Programa de Mediación entre Iguais.
- Coordinar o seguimento do Programa de Patios Dinámicos
- Coordinar o programa de Habilidades Sociais para alumn@s con problemas de conduta.
- Coordinar o Plan Director de Seguridade escolar, consistente en charlas ao alumnado sobre o uso das novas tecnoloxías.
- Elaboración e posta en práctica do Protocolo para a prevención, detección e tratamento das situacións de acoso escolar, a través do “Programa de sensibilización sobre o maltrato entre iguais”.
- Asesorar na adaptación das programacións didácticas ao profesorado
- Participar da avaliación inicial realizada ao alumnado

8.2.2. Programas de axuda ao Plan de Acción Titorial:

- Programa de Acolida ao novo alumnado de Educación Primaria.
- Plan Director para a Convivencia.
- Programa de Mediación entre Iguais.
- Programa de Patios dinámicos.
- Programa de Habilidades Sociais.
- Programa de sensibilización sobre o maltrato entre iguais.

9. COORDINACIÓN

O Departamento De Orientación manterá unha dobre coordinación:

- Interna : Director, Xefatura de Estudios , titores , departamentos , niveis, mestres/as especialistas en PT e AL, equipo docente.

Externa: EOE, CEFORE, Secretariado Xitano, Centro de Día de Menores de Cáritas, Especialistas de Gabinetes psicopedagóxicos externos, Servizo do Sergas...

10. PLAN ANUAL DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN PARA O CURSO 2023-2024

ACTUACIÓNS	DESTINATARIOS	RESPONSABLES	TEMPORA - LIZACIÓN
Asesoramento na revisión e elaboración da documentación: Proxecto Educativo , PAT, Plan Apoio para o alumnado con NEAE, Plan de Atención á Diversidade, Plan de Convivencia.	Equipo Directivo Comunidade educativa	Orientadora	Todo o curso
Avaliación inicial. Previsión alumnado con NEAE do curso anterior.	Titor@s Alumnado	D.O.	Inicio Curso
Programa de Acollida ao novo alumnado e a o ACNEAE.	Alumnado	Equipo directivo, Orientación, mestres de PT/AL	Setembro
Avaliación psicopedagóxica e medidas de apoio. Organización dos apoios ao alumnado con NEAE realizados c@s P.T. e A.L., a través da aplicación dos programas do PLAN DE APOIO PARA O ALUMNADO CON NECESIDADES EDUCATIVAS ESPECÍFICAS.	Alumnado con NEAE	PT AL Orientadora	Todo o curso
Elaboración e revisión de adaptacións curriculares.	Alumnado E.P.	Orientadora Titores Equipo docente	Todo o curso
Colaborar na xestión do Reforzo educativo no contexto ordinario. (Non precisa apoio de PT/AL).	Alumnado con dificultades de aprendizaxe.	Equipo docente	Todo o curso
Poñer en práctica programas de detección precoz de dificultades de aprendizaxe, dificultades na lectoescritura e cálculo	Alumnos de 1º e 2º	Titores e Orientación	Todo o curso

Programa de prevención de dificultades da aprendizaxe a través da aplicación de probas diagnósticas: Educación primaria: Proba de lectura comprensiva (ACL) 2º,4º e 6º niveis.	Alumnado de E.P.	Orientadora	Probas ACL 2º ,4º, no 3º trimestre. Probas ACL 6º no 1º trimestre.
Colaboración na adaptación de materiais aos alumnos con n.e.a.e.	ANEAE	Orientadora, especialistas PT e AL Equipos docentes	Todo o curso
Reunións informativas sobre o nivel de competencia curricular, comportamento, etc., aos pais/nais do alumnado.	Pais/nais	Orientadora PT/AL	Todo o curso
*Colaboración nas Avaliacións de diagnóstico.	Alumnado	Orientadora Equipo docente	3º Trimestre *Pendiente este curso si se retoma
Asesoramento a toda a comunidade educativa para a atención a alumnado con n.e.a.e.	Titores/as Profesores/as especialistas Familias	Orientadora PT/AL	Todo o curso
Reunións de coordinación Dto. Orientación	D.O.	Membros D.O.	Semanal
Reunións de Seguimento do Plan de Orientación e Plan de Atención á Diversidade	Todo o alumnado Equipo docente	Membros D.O.	Trimestral
Reunións cos especialistas externos (EOE, C.E.F.O.R.E., SERGAS, Gabinetes Psicopedagóxicos externos...	Alumnos con n.e.a.e.	Especialistas externos. Equipo Docente Orientadora	Todo o curso

Reunións de asesoramento e coordinación para a revisión das programacións, das medidas de RE, das adaptacións curriculares, e reunións con equipos docentes de ANEAE, seguimento dos programas de cambio de conduta, etc..	Titores, Profesorado en xeral	Orientadora PT/AL	Todo o curso
Programa de acompañamento emocional e HH.SS	Orientación, PT, AL, titores	1º, 2º, 3º, 4º, 5º, 6º	Ao longo do curso
Determinación das necesidades do Alumnado con NEAE e realización de programas de Intervención individualizados.	Orientadora, PT, AL, Titores	1º, 2º, 3º, 4º, 5º, 6º	Setembro e Outubro
Programa de modificación e promoción de conductas.	Orientadora e profesorado	Todo o alumnado	Ao longo do curso
Programa de acollida ao alumnado Inmigrante	Orientadora, Equipo Directivo e Titores	Alumnado Inmigrante.	Ao longo do curso.
Programa de atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo	Orientadora, titores, PT, AL.	Alumnado	Ao longo do curso
Patios Dinámicos	Departamento de Orientación en colaboración co Equipo de convivencia.	Todo o alumnado	Inicio de Outubro e ao longo do curso.
Programa de Mediación	Departamento de Orientación en colaboración co Equipo de Convivencia	Todo o alumnado	2º e 3º Trimestre.
Programa "GUÍAME" de desenvolvemento e orientación	Orientadora e titores	Alumnado de 6º	2º e 3º Trimestre.
Reunións cos titor@s dos alumn@s	Alumnado con	Orient./PT/AL/Titor	Semanal/Q

con NEAE	n.e.a.e.	es	uincenal/Mensual
Reunións con pais/nais/titores/as.	Pais/nais/titor@s	Orientadora PT/AL	Todo o curso
Reunións co Equipo Ciclo	Equipo de Ciclo	Membros do Equipo Ciclo	Mensual
Reunións de Claustro, Titor@s, ...	Equipo Docente	Equipo Docente	Todo o curso.
Reunións Comisión de Coordinación Pedagóxica, Comisión de convivencia e Dto. Orientación.	Comunidade Educativa	Membros CCP Membros CConv Membros DO	Trimestral
Participar na revisión do Plan de Convivencia .	Comunidade Educativa	Orientadora	Todo o Curso
Plan Director para a convivencia e mellora da seguridade nos centros educativos e o seu contorno.	5º E.P. e 6º .E.P	Titor@s Persoal Concello Orientadora	2º - 3º trimestre
Seguimento do programa de Habilidades Sociais.	Alumnado con problemas de conduta	Orientadora	Todo o curso
Seguimento do Programa de Mediación entre iguais.	Alumnado de E.P.	Orientadora Alumnado 5º e 6º Equipo docente	Todo o curso
Aplicación do programa de modificación da conduta.	Alumando con problemas de conduta	Orientadora Profesorado	Todo o curso
Aplicación do protocolo de prevención, detección e tratamento das situacións de acoso escolar. Programa de sensibilización sobre o maltrato entre iguais.	Comunidade Educativa	Orientadora Equipo Docente Equipo directivo	Todo o curso
Aplicación de Test sociométricos para coñecer a cohesión dos grupos.	Alumado E.P.	Titores Orientadora	Todo o curso
Aplicación de Tests de Velocidade Lectora	Alumnado E.P.	Orientadora	Todo o curso

Elaboración horarios	Xefatura Estudos	DO	Inicio Curso
Revisión e mantemento do Plan de Orientación. Revisión do Plan anual do Dto. Elaboración da Memoria Final do Dto., e propostas de mellora.	Xefa Estudos Director Comunidade Educativa	Orientadora	Todo o Curso
Elaboración e seguimento da programación anual da Aula de Audición e Linguaxe. Elaboración da Memoria final do curso.	Equipo Directiv Comunidade Educativa	Especialistas en AL.	Todo o Curso
Elaboración e seguimento da programación anual da Aula de Pedagogía Terapéutica. Elaboración da Memoria final do curso.	Equipo Directivo Comunidade Educativa	Especialistas en PT.	Todo o Curso
Asesoramento nas sesións de avaliación de tódolos niveis.	Todo o alumnado do Centro.	Equipo docente Xefa de Estudos Orientadora	1º, 2º, 3º Trimestre
Asesorar sobre os proxectos de mellora e calidade do sistema educativo.	Equipo Directivo Equipo docente	Orientadora PT/AL	Todo o Curso
Seguimento e avaliación dos alumnos con NEAE	Alumnado con n.e.a.e. Titores	PT/AL Orientadora	Mensual e Trimestral
<i>Accións relacionadas co drdoriente e drdadi:</i>			
Facilitar información a través da aplicación informática drdoriente.	Servizos Centrais da Consell. Educ. E Ord. Univ.	Orientadora	3º Trimestre (Fin de curso)
Facilitar información a través da aplicación informática drdadi.	Servizos Centrais da Consell. Educ.	Orientadora	1º Trimestre

8.-CRITERIOS DE SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN

A avaliación continua e formativa realizarase nos seguintes momentos:

Avaliación Inicial: a principio de curso en base ás conclusións da revisión do curso anterior e en función dos cambios producidos no centro: novos alumnos, etc.

Avaliación Trimestral: De seguimento e regrantexamento das actuacións, adoptaranse as medidas correctoras que sexan necesarias despois de reflexionar conxuntamente sobre as actividades realizadas, os logros acadados e os aspectos que se deben mellorar.

Avaliación Final: Ao remate do curso farase unha avaliación global (alumnos, familias,.), que permita determinar o grao de consecución dos obxectivos programados e das actividades realizadas.

Os resultados desta avaliación final constituirán o punto de partida para o curso que ven e quedarán reflectidos na Memoria Final do Departamento de Orientación, acompañada de propostas de mellora para o seguinte curso. Esta avaliación realizarase atendendo á análise e valoración de:

- Reunións de coordinación entre os profesores de PT, AL, e orientadora.
- Reunións do Departamento de Orientación.
- Reunións de Nivel.
- Comisión de Coordinación Pedagóxica.
- Comisión de convivencia.
- Equipo directivo.
- Os titores e profesores en xeral.
- Os alumnos e as familias implicados/as.
- Avaliación do progreso dos alumnos incluídos no presente plan.
- Avaliación do Plan Xeral Anual, analizando a adecuación deste á realidade do centro e propoñendo as modificacións pertinentes en canto ao alumnado, recursos humanos e materiais previstos para o curso seguinte.

Ao final do curso, o profesorado especialista en PT e AL, elaborará unha Memoria que se incluírá na Memoria do Plan de Orientación.

6.- Ordes do 12 de maio de 2011 (centros plurilingües / auxiliares de conversa)

6.1. MECANISMOS DE SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DO AUXILIAR DE CONVERSA

Neste curso 2023/24, a auxiliar de conversa, Jeena Kabeer da India, compartida co CEIP Sárdoma-Moledo, impartirá un total de dezaseis horas semanais de clase dende o mes de outubro do 2023, ata o final do mes de maio do 2024. Aínda que estas horas se repartirán de forma equitativa entre os dous centros, o noso figura como centro base, a auxiliar acudirá os luns, martes e mércores. Estas sesións irán destinadas aos niveis de quinto e sexto, nunha sesión semanal da clase de lingua inglesa e outra sesión semanal na sección bilingüe de plástica.

Unha vez incorporada a auxiliar ao centro educativo a mestra especialista que realiza as funcións de coordinadora facilitaralle toda a información relativa á programación didáctica, aos obxectivos a conseguir e aos mínimos esixibles en cada curso. Igualmente será informada sobre a utilización de espazos, instalacións, material e equipamento asignados ao Departamento de Lingua Estranxeira.

Tal como queda reflectido no seu horario, a auxiliar e a súa coordinadora contarán cunha sesión semanal en común para programar todos aqueles aspectos didácticos que consideren oportunos.

O Equipo Directivo do centro encargarse da elaboración da plantilla e o control do cumprimento do horario da auxiliar, que será enviado á Consellería. Calquera ausencia deberá ser notificada pola auxiliar á directora ou á xefa de estudos, que exerce como a súa coordinadora, na maior brevidade posible. A Dirección do centro comunicará á Consellería as ausencias ou retrasos da auxiliar cando estes non estén xustificados.

A auxiliar comenzará oficialmente coa súa función no noso centro o día 2 de outubro e finalizará o día 29 de maio, e disfrutará dos mesmos períodos de vacacións escolares co resto do profesorado do Centro.

A avaliación do traballo desenvolvido pola auxiliar quedará reflectida nunha memoria final, que será enviada á Consellería xunto cunha proposta de boas prácticas educativas que será elaborada conxuntamente pola auxiliar e a súa coordinadora.

7.- OUTROS PROXECTOS DO CENTRO.

- **Contratos Programa Recupéra-T no marco Plan Recupera: PROA +**
- **Plan Director**
- **Contratos Programa: CP Innova na modalidade EDUsaúde.**
- **Contratos Programa: CP Inclúe na modalidade Convive-T.**

EDUsaúde

Temos a intención de continuar co proxecto de EDUsaúde, xa que consideramos que o alumnado debe coñecer moitos aspectos que aínda non se traballaron.

Centrarémonos na importancia de coidar a saúde, concretamente na alimentación e no deporte. Temos moi en conta que o proxecto de centro este ano son as Olimpíadas, así traballaremos a importancia da realización do deporte para ter unha boa saúde.

Tamén traballar a etiquetaxe dos diferentes alimentos, entendendo a linguaxe empregada e a utilidade da mesma.

Así pois, queremos centrar o noso esforzo en promover, adestrar e capacitar ao noso alumnado para o desenvolvemento de habilidades que lles permita adoptar estilos de vida saudables, mediante a toma de decisións razoadas no marco de contornas non sempre favorables á protección e ao fomento da saúde.

O tema da saúde leva anos presente no centro a través do horto escolar ecolóxico, pero queremos ir un pouco máis lonxe e que o noso plan de acción e formación teña inicio na plantación de alimentos saudables e de proximidade, así como un remate na realización de receitas na cociña escolar deses produtos. Asemade , pretendemos fomentar a actividade física aproveitando actividades diarias (bailes, camiñar, subir e baixar escaleiras, relaxación...).

Asemade, os centros educativos son institucións vitais para contribuír ao benestar físico e alimentario, polo que cómpre impulsar tanto a actividade física como os hábitos alimentarios ligados a unha vida saudable para que poidan ser mantidos ao longo da vida.

Buscando en todo momento o equilibrio entre a inxesta e o esforzo físico, aspecto que se pode compensar cunha actividade física completa coma a aportada polo coñecemento e práctica dos diferentes deportes presentes nas Olimpíadas que traballarán no noso centro ao longo do desenvolvemento deste proxecto.

Análise DAFO

1. Debilidades

- Instalacións deportivas do patio ao aire libre sen zona cuberta.
- Alumnado con baixa motivación para o mantemento da saúde.
- Familias con baixos recursos.
- Falta de hábitos alimentarios saudables e escasa formación sobre os valores

nutricionais dos alimentos.

- Falta da implicación das familias na práctica do deporte fóra do horario lectivo.

2. Fortalezas

- Participación no programa FOGGA.
- Temos un horto escolar coas propostas de plantacións do inverno feitas e cun traballo de anos detrás.
 - A dispoñibilidade dun espazo amplo con moitas zonas verdes onde temos plantación de árbores froiteiras e para permitir un esporexemento saudable baseado no movemento.
 - Dispoñibilidade dunha aula de cociña equipada.
 - Un patio moi amplo e unhas instalacións para o desenvolvemento deportivo moi axeitadas.
 - Un pavillón deportivo no que, ademais das actividades extraescolares, se adestran diferentes clubs deportivos da contorna.
 - Un claustro de profesorado, implicado e disposto a participar activamente no plan.
 - Un consello escolar que aproba e aplaude as iniciativas innovadoras do centro, colaborando en todo o necesario para o seu desenvolvemento.

3. Ameazas

- Obsérvase un aumento da obesidade entre o alumnado.
- Baixa matrícula nas actividades físicas ofertadas pola ANPA fóra do horario escolar.
- Merendas pouco saudables.
- A presión comercial a través da publicidade.
- O ambiente familiar de gran parte do noso alumnado non dispón de formación neste tema.
 - Escaso orzamento para a mellora das nosas instalacións.
 - Hábitos sedentarios do noso alumnado no tempo de lecer.

4. Oportunidades

- Posibilidade de planificar estratexias metodolóxicas que respondan ás necesidades reais do benestar do noso alumnado.
 - Formación para familia, profesorado e alumnado.
 - Conxuntura para recibir apoio por parte das administracións (concello, diputación...) se formamos parte dun plan innovador.
 - Coordinación coas asociacións veciñais e deportivas da contorna
 - A oportunidade de traballar en liñas de innovación e coordinación con outros centros educativos (EEI e IES) cos mesmos intereses.
 - Fomentar a actividade física no tempo de lecer dentro de horario escolar.
 - Mellora das instalacións ao aire libre do noso patio escolar.

Obxectivos do proxecto

1. Impulsar na comunidade educativa accións encamiñadas á promoción dunha alimentación saudable e sostible, incidindo na importancia dunha dieta diversificada, equilibrada e sa, familiarizando ao alumnado coas froitas e hortalizas da nosa contorna.

2. Implicar activamente á comunidade educativa na educación saudable favorecendo a súa participación en distintas fases do proxecto e aproveitando o seu potencial como axente de cambio.

3. Orientar ás familias e contrarrestar os malos hábitos que por desinformación, danse

en moitos dos nosos fogares.

4. Relacionar a saúde física co benestar emocional.

5. Analizar as instalacións e os elementos, tanto da contorna como do centro, para avaliar se son adecuados e seguros para promover a actividade física, implantando estratexias metodolóxicas que fagan compatible as sesións lectivas con esa actividade.

6. Reducir os niveis de sedentarismo, previr a obesidade e futuras enfermidades asociadas ao mesmo.

7. Favorecer e promocionar a práctica de actividade física nos períodos de lecer, dentro e fóra do centro.

8. Afondar no coñecemento dos diferentes deportes presentes nas Olimpíadas.

9. Formar ao alumnado sobre os valores nutricionais dos alimentos e coñecer a importancia do consumo dos alimentos non procesados.

10. Fomentar a innovación metodolóxica das TIC para difundir este proxecto.

MEDIDAS A DESENVOLVER

- Investigación sobre as propiedades nutricionais dos alimentos e aprendizaxe para a comprensión da etiquetaxe.
- Patios dinámicos.
- Programa mediadores no tempo de lecer que favorezan o benestar emocional.
- Merendas saudables
- Horto escolar: plantación de produtos de temporada e proximidade.
- Receitas saudables para deportistas.
- Auditorías edusaudables: merendas saudables, participación nas actividades no tempo de lecer e no horario fóra da escola.
- Programa froita e leite.
- Participación e coñecemento de diferentes deportes presentes nas Olimpíadas.

TEMPORALIZACIÓN PREVISTA NO LONGO DO CURSO.

As actividades desenvolveranse ao longo do horario escolar facendo fincapé no tempo de lecer.

O plan está pensado para implementalo ao longo do curso en varias fases:

1ª fase:

Analizar os hábitos alimenticios e físicos do noso alumnado.

Como afectan eses hábitos a nosa saúde e ao noso benestar emocional.

2ª fase:

Investigación sobre as propiedades nutricionais dos alimentos observando a etiquetaxe e os beneficios da práctica do deporte. Traballar o espírito crítico ante a publicidade e á hora de escoller a nosa alimentación.

3ª fase:

Cociña saudable e equilibrio físico-emocional.

CONVIVE-T

Consideramos que unha das nosas labores educativas no centro é promover e desenvolver actuacións relativas ao fomento da convivencia, así como favorecer a resolución pacífica dos conflitos, implicando a todos os membros da comunidade educativa.

A regulación da convivencia é unha necesidade do centro cando a partir dos mecanismos de adaptación mutua non se resolven de forma satisfactoria os conflitos que de forma natural están presentes no noso centro, polo que consideramos incidir neste tema.

Temos en conta os conflitos diarios que surxen no patio, a maior parte coma consecuencia de malentendidos ou pequenas liortas. Tamén nas aulas, a falta de empatía co profesorado nos cursos superiores ou non saber canalizar desacordos entre eles.

Incidir en que moitas veces, tamén dende as familias, nos conflitos surxidos entre o alumnado, non amosan intención comunicativa na resolución dos mesmos, defendendo a toda costa a actitude dos seus fillos/as.

ANÁLISE DA SITUACIÓN DE PARTIDA (ANÁLISE DAFO)

1. Debilidades do centro:

- Conflitos frecuentes entre o alumnado.
- Recursos insuficientes para afrontar as situacións conflictivas.
- Algunhas familias non colaboran na axeitada resolución dos mesmos.

2. Fortalezas:

- Creación dun novo equipo de convivencia.
- Posta en marcha dos patios dinámicos por parte do Dto. Orientación.
- Programa de mediación entre iguais.

3. Ameazas:

- Aumento progresivo dos conflitos entre o alumnado.
- Prexudicar a convivencia tanto dentro coma fóra da aula.

4. Oportunidades:

- Predisposición por parte do claustro para traballar na mellora da convivencia no noso centro educativo.
- Participación por parte dalgún alumnado na mediación entre iguais.

OBXECTIVOS DO PLAN

Enumere os obxectivos que se perseguen co desenvolvemento da modalidade que constitúen o plan.

- Identificar os conflitos máis frecuentes e as razóns dos mesmos.
- Acadar un clima de centro e de aula que mellore o proceso de ensino e aprendizaxe.
- Promover accións para lograr a igualdade, a convivencia e a inclusión no ámbito educativo mellorando a competencia social e cívica.
- Implicar a toda a comunidade educativa na mellora da convivencia.

MEDIDAS PARA O DESENVOLVEMENTO

Enuméreas, ata un máximo de 5. (Deberán ser accións concretas, innovadoras e orientadas aos obxectivos).

- Realización de obradorios.
- Programa de mediadores nos patios que favorezan a resolución e prevención de conflitos para a mellora da convivencia.
- Actividades e xogos colaborativos nos patios dinámicos e nas aulas.
- Actividades relacionadas co proxecto de centro (proxectos en grupo)
- Poñer en funcionamento os “Bancos da amizade”.

IMPLICACIÓN DAS FAMILIAS E DOUTRAS ENTIDADES

Describe a colaboración doutros membros da comunidade educativa e/ou do entorno, de ser o caso.

- Colaboración nas actividades de centro a través da ANPA e en coordinación co centro en horario escolar.
- Colaboración activa cos centros escolares da zona (IES e EEI).
- Coordinación de traballo conxunto con asociacións e gabinetes ao que acoden algúns dos alumnos.
- Colaboración coa UACO (RAOGAL).

7.1.- MEDIACIÓN ENTRE IGUAIS

Dende o curso 14/15 está a funcionar o “Programa de Mediación entre Iguais” que se leva a cabo dende a dinamización de Convivencia co asesoramento do Departamento de Orientación.

Con este programa trátase de resolver os conflitos dun xeito pacífico entre dúas partes, no que unha terceira parte neutral (o/a mediador/a) axuda a que se atope unha solución, sendo as súas características:

- O mediador/a ten que ser neutral e imparcial durante o proceso. O mediador/a non toma a decisión, nin acusa, nin castiga, nin xulga, senón que axuda a chegar a un acordo satisfactorio.
- É unha negociación cooperativa, xa que promove unha solución, na que as partes implicadas gañan ou obteñen un beneficio.
- É un proceso voluntario e confidencial; as partes en conflito deben solicitar voluntariamente a mediación. O mediador/a debe garantir a confidencialidade do que se fale no proceso.
- Os alumnos/as que accedan á mediación deben amosar unha actitude de respecto entre eles, de escoita e de diálogo.

7.2.- PROXECTO DE CENTRO: “AS OLIMPÍADAS”

Implantar coma proxecto de centro este curso “As Olimpíadas”, posto que o próximo ano celébranse os XXOO en París.

Será un proxecto que nos posibilite traballar moitos aspectos. Trataremos a saúde, relacionada co deporte e o exercicio físico, a convivencia, as normas que se establecen nos xogos,... Tamén a aprendizaxe da xeografía, grazas aos diversos países que compiten, as capitais, os diferentes

deportes presentes, a historia e evolución das Olimpíadas e Paraolimpíadas,...

Cada ciclo escolleu un tema relacionado coas Olimpíadas para traballar ao longo do curso:

- 1º Ciclo: 1º Valores olímpicos
2º Valores olímpicos
- 2º Ciclo: 3º Hitos históricos nas Olimpíadas
4º Países participantes nas Olimpíadas
- 3º Ciclo: 5º Deportes de última incorporación
6º Paralímpicos

O material confeccionado polos cursos será transformado en formato dixital para poder mostralo ao resto do alumnado. Tamén se imprimirá para ter un exemplar na biblioteca.

OBXECTIVOS COMÚNS:

- Coñecemento das Olimpíadas na actualidade e ao longo da historia.
- Aprendizaxe dos diferentes deportes presentes nas Olimpíadas.
- Adquirir valores como a solidariedade, respecto, amizade, paz, etc.
- Comprender e cumprir as normas e regras que rixen cada un dos deportes e xogos que levemos a cabo.
- Favorecer e potenciar hábitos saudables a través da práctica de deportes.
- Coñecer e practicar algúns deportes, tanto de forma individual coma grupal.
- Empregar as TIC como ferramenta de traballo.
- Colaborar na organización e posta en práctica do proxecto cos centros adscritos.

CONTIDOS:

- As olimpíadas- XXOO
- Deporte
- Valores: Solidariedade, respecto, amizade, paz.
- Normas e regras.
- Hábitos saudables.
- Trabajo en equipo.

METODOLOXÍA

- Investigación.
- Buscar, seleccionar, elaborar e transmitir información.
- Metodoloxía activa por parte do alumnado, son os protagonista da aprendizaxe. O mestre fai de guía moderador ou asesor

TAREFAS A DESENVOLVER

Cada nivel fixará as tarefas a desenvolver que se traballarán e avaliarán ao longo do curso.

AVALIACIÓN DO PROXECTO

Cada nivel planificará unha avaliación que determinará que é o que alumnado debe saber e comprender. Por elo empregarán:

- Variedade de métodos de avaliación.
- Avaliación ao longo da aprendizaxe.
- Involucrar ao alumnado no proceso de avaliación.

No proxecto avaliaremos:

- Os resultados do alumnado.
- A efectividade do proxecto en xeral.